

Programación didáctica

Departamento de Biología e Xeoloxía

Curso 2022-2023

IES Pedro Floriani

Índice.

1. Introducción e contextualización da programación	. 2	
2. Contribucións xerais da materia ao desenvolvemento das competencias clave	. 4	
3. Procedementos e instrumentos de avaliación.	- 5	
4. Metodoloxía didáctica.	. 7	
5. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.	. 7	
6. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes		. 8
7. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios para cursar as materias de 2º bacharelato		. 9
8. Avaliación Inicial, consideracións xerais.	. 9	
9. Medidas de atención a diversidade	. 9	
10. Concreción dos elementos transversais que se traballaran nos distintos cursos	. 10	
11. Actividades complementarias e extraescolares	. 10	
12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas..	11	
13. Tratamento e fomento das TICs	. 11	
14. Tratamento e fomento da lectura.	. 12	
15. Programacións por materia		
4º ESO Bioloxía e Xeoloxía		
2º Bach Bioloxía		
4º ESO Cultura científica		
2º Bacharelato Xeoloxía		
2º Bacharelato CTMA		

1. Introducción e contextualización da programación

Os avances científicos están presentes mais ca nunca na nosa vida cotiá, nos aparellos que usamos, probas diagnósticas, vacinas, necesidade de hábitos hixiénicos... O coñecemento científico é necesario para comprender fenómenos globais e as súas consecuencias, a pandemia do coronavirus, cambio climático, erupcións volcánicas, superpoboación. O estudo das ciencias da natureza debe facilitar a comprensión de todos estes problemas e avances, contribuíndo a formar cidadáns cientificamente competentes, responsables e críticos cos avances da humanidade.

A materia de Bioloxía e Xeoloxía, tanto na ESO como no bacharelato, debe contribuír a que o alumnado desenvolva as competencias clave de cada etapa educativa, pondo especial atención na adquisición da competencia científica. Trátase de que o alumnado aprenda a observar e a reflexionar sobre situacións reais, recoller datos, tomar decisións, ter curiosidade, iniciativa, motivación e moitos outros aspectos que o leven a un mellor desenvolvemento do seu contorno e a un mellor benestar social.

A bioloxía e a xeoloxía deberán tamén contribuír a que as persoas melloren a súa autoestima e a superar prexuízos, respectar diferenzas e participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, mediante o uso do diálogo e respectando a diversidade cultural.

O alumnado deberá desenvolver tamén nesta etapa a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual; e igualmente deberán potenciar actitudes conducentes á reflexión e á análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións se suscitan, e coñecer e utilizar as normas básicas de seguridade e uso do material de laboratorio

A programación didáctica é un instrumento de planificación curricular, terase en conta para a súa elaboración a lexislación vixente así como o PE (Proxecto educativo) do centro. Debe ser un documento de guía indispensable, requirido e regulado pola seguinte lexislación:

LEIS ORGÁNICAS

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE)

CURRICULUM

- *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Orden ECD/65/2105, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, educación secundaria obligatoria y el bachillerato.*
- *Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato.*

USO DO GALEGO

- *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*

Contextualización

Centro. O noso centro consta de aproximadamente con 400 alumnos /as e 4 edificios independentes onde se imparten ensinanzas de: ESO, Bacharelato Científico-Tecnolóxico e Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, CM, CS e FPB de Administrativo, CM e FPB de instalacións en telecomunicación e ESA. Utilizando a Escola oficial de idiomas algún aula en horario de tarde.

Alumnado. Na ESO, o centro acolle alumnado procedente dos arredores de Redondela, maioritariamente do ámbito rural cun nivel socioeconómico medio/baixo (centros de Reboreda e Portocabeiro), algúns deles teñen coñecementos previos relacionados coa agricultura e a pesca. Entre este alumando hai algúns procedentes de Aldeas Infantís con problemas persoais importantes, baixa motivación e autoestima.

Nos demais grupos o alumnado e máis heteroxéneo, chegando no bacharelato alumnado do centro de Redondela, especialmente procedente do IES Illa de San Simón.

Dada a situación de pandemia e incertezas sobre a marcha do curso, dende o inicio do curso abríranse todos os cursos na aula virtual e utilizarase como aula espello, onde estarán todos os contidos e tarefas traballados na aula para favorecer o paso ao ensino non presencial, como xa se fixo o curso pasado, ademáis este curso todos os cursos da ESO están dentro do programa **EDIXGAL**.

As tarefas e material de apoio serán entregadas e recollidas sempre que sexa posible na aula virtual.

O departamento propondrá na CCP establecer criterios comúns de comunicación co alumnado con problemas de conectividade a traves do centro.

Reparto de grupos entre o profesorado do departamento:

Profesorado	Materia	Nivel	Nº grupos
Eduardo Carlos González Martínez	Bioloxía e Xeoloxía	1º ESO A e B	2
	Bioloxía e Xeoloxía	1º Bacharelato	1
	Xeoloxía	2º Bacharelato	1
Mª Jesús Leis Blanco Xefa Dep	Bioloxía e Xeoloxía	4º ESO	1
	Cultura científica	4º ESO	1
	Bioloxía	2º bacharelato	1
	Anatomía Aplicada	1º Bacharelato	1
Áurea P	Bioloxía e Xeoloxía	3º ESO A e B	2
	CTMA	2º Bacharelato	1
	Ámbito científico	1º FPB	1

2. Contribucións xerais da materia ao desenvolvemento das competencias clave

Comunicación lingüística (CCL).

A comunicación, nos ámbitos da comprensión e expresión, tanto oral como escrita, constitúe un eixe fundamental no proceso de ensino e aprendizaxe do coñecemento científico, a expresión oral e escrita busca a coherencia e precisión no uso da linguaxe, tanto no nivel descritivo como no interpretativo e contribúe a ampliación do vocabulario do alumnado.

Trabállase a expresión cando se emiten hipóteses, contrástanse ideas, acláranse significados sobre conceptos ou procesos científicos en contextos diferentes, realízanse sínteses, elabóranse mapas conceptuais, extráense conclusións, realízanse informes ou organízanse debates onde se fomenten actitudes que favorezan a mellora na expresión oral e escrita. Na resolución de problemas estímúlase a lectura comprensiva.

O departamento tamén colabora coa biblioteca nas actividades do proxecto de biblioteca e participa no plan lector.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

O coñecemento científico se cuantifica grazas á linguaxe matemática. O emprego de números, símbolos, operacións e relacións entre eles forman parte da metodoloxía científica e constitúen unha base importante para a comprensión de leis e principios.

Na realización de investigacións sinxelas, traballos prácticos ou resolucións de problemas desenvólvense capacidades para identificar e manexar variables, para organizar e representar datos obtidos de maneira experimental, para a interpretación gráfica das relacións entre eles.

Competencia dixital (CD).

A área de ciencias da natureza contribúe á competencia de tratamento da información e competencia dixital, xa que se traballan habilidades para identificar, contextualizar, relacionar e sintetizar a información procedente de diferentes fontes e presentada en diversas linguaxes propias das tecnoloxías da información e comunicación, como os buscadores pola internet, documentos dixitais, foros, chats, xornais dixitais, revistas divulgativas na web, presentacións electrónicas e simulacións interactivas. Cando se traballa a crítica reflexiva sobre as informacións de tipo científico que achegan as tecnoloxías da información e a comunicación, foméntanse actitudes favorables ao emprego delas evitando o seu emprego indiscriminado.

O alumnado da ESO comeza este curso a utilización de EDIXGAL nos cursos de 2º, 3º e 4º ESO o que facilita o uso das novas tecnoloxías por parte do alumnado tanto no centro como na casa.

Utilización da aula virtual como espello da aula física con material e tarefas utilizadas na aula.

Aprender a aprender (CAA).

Utilizando o método científico para que constrúan o seu propio coñecemento, partindo da observación do entorno, das ideas previas do alumnado sobre os contidos científicos, formulando preguntas, de modo que as alumnas e os alumnos sexan conscientes dos seus propios coñecementos e limitacións. Valorar a necesidade da aprendizaxe permanente nun mundo en continuo e acelerado cambio. Empregar a historia da ciencia para que os estudantes coñezan os cambios de concepción ao longo da historia e a evolución e cambios nas ideas científicas e as resistencias ás novas ideas que se repiten ao longo da historia.

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Esta área trata de dotar ao alumnado das habilidades necesarias para comprender a problemática actual en relación coa súa persoa, co resto da sociedade e co planeta. A aproximación do currículo á situación concreta na cal se vive facilita a participación activa do alumnado en actividades que impliquen esa cidadanía responsable.

As ciencias da natureza contribúen a coñecer e aceptar o funcionamento do corpo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e ser críticos cos hábitos sociais pouco saudables e a contribuír á conservación e mellora do ambiente.

Os debates históricos sobre as diferentes concepcións dos fenómenos que afectan as persoas serven para traballar habilidades sociais relacionadas coa participación, cooperación e poñerse en lugar dos outros, aceptar diferenzas, respectar os valores, crenzas e diversidade de cultural. Dar a coñecer o papel da muller na ciencia no presente e pasado.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Utilización do método científico fomentando o interese por observar e coñecer o mundo. Formular e plantexar hipóteses. Fomentar a súa implicación na participación e organización dos grupos de aula e traballo cooperativo. Realización de traballos de forma autónoma, participación en debates onde defender as opinións propias na aula.

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Desde a área de ciencias contribúese a desenvolver esta competencia cando se promove a presentación das ideas ou traballos en formatos diversos, onde se lles deixa ás alumnas e aos alumnos a liberdade de elixir os ditos formatos estéticos e artísticos, realización de modelos, exposicións, visitas a museos. Promover a posta en valor do entorno que nos rodea da paisaxe, partindo do entorno máis próximo, recoñecer a súa beleza e a importancia da súa conservación.

3. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Procedementos

Os procedementos de avaliación deben cumprir os seguintes requisitos:

- Ser variados, de modo que permitan avaliar todas as competencias clave, os distintos tipos de capacidades e os diferentes estándares de aprendizaxe.
- Dar información concreta do que se pretende avaliar
- Utilizar distintos códigos (verbais, gráficos, numéricos, audiovisuais,...) adecuados ás distintas aptitudes sen que se obstaculice o contido que se pretende avaliar.
- Permitir avaliar a transferencia dos aprendizaxes a contextos distintos de aqueles nos que se adquiriron, comprobando así a súa funcionalidade.
- Promover a utilización das TICs.
- Promover a reflexión sobre o proceso de aprendizaxe.

Os principais procedementos serán:

- Análise e valoración das tarefas e exames creados para a avaliación
- Valoración do caderno de traballo
- Valoración do E_ portafolio
- Valoración de proxectos
- Observación directa do traballo diario
- Utilización preferente de rúbricas

Instrumentos

A avaliación do proceso aprendizaxe do alumnado levarase a cabo por medio dos seguintes instrumentos en función das características do grupo:

Caderno de traballo, tendo en conta:

- Presentación
- Claridade na expresión e corrección ortográfica
- Descrición completa das actividades
- Corrección das actividades
- Recollida de apuntes
- Busca de información

E_ Portafolio, tendo en conta:

- Presentación
- Claridade na expresión e corrección ortográfica
- Realización completa das actividades propostas
- Conclusións
- Busca de información
- Inclusión de todos os apartados do portafolio (autoavaliación inicial, tarefas indicadas, conclusións e autoavaliación final).

Observación da vida da aula:

- Participación e intervencións na aula
- Participación nos traballos de equipo
- Interese pola materia e esforzo por aprender
- Tolerancia
- Puntualidade
- Respecto polos demais
- Cumprimento das normas

Traballos na aula, no campo, no laboratorio e horta escolar:

- Realización dos traballos propostos
- Manexo axeitado do material de laboratorio
- Participación e integración no grupo de traballo
- Utilización de distintas fontes de información

Probas escritas/cuestionarios online

- Presentación (limpeza, faltas ortografía, etc)
- Argumentación e exactitude na resposta.

- Expresión, utilización do vocabulario axeitado.

Probas orais

- Organización da exposición (guión)
- Dominio do tema
- Exactitude, claridade e utilización do vocabulario axeitado
- Comunicación non verbal (expresividade, utilización correcta da voz...)
- Utilización de novas tecnoloxías

Rúbricas

-Deseñadas para os distintos tipos de tarefas serán utilizadas no proceso de avaliación como ferramentas para conseguir a obxectividade nas cualificacións finais e sobre todo para conseguir a avaliación formativa do alumno, co uso das rúbricas o alumno coñece cal é o seu nivel de desempeño e polo tanto, o que ten que facer para incrementar ese nivel de desempeño e aprender e mellorar as súas competencias

Estes instrumentos serán utilizados e valorados segundo o establecido nas programacións de cada materia e curso.

4. Metodoloxía didáctica

Encadrase dentro do marco DUA, utilízase unha metodoloxía variada, activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual como cooperativo do alumnado e promovendo o uso das novas tecnoloxías, pasando a un traballo competencial na aula, onde o docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumno ou a alumna adquire un maior grao de protagonismo o que permite integrar a todo tipo de alumnado.

Para implicar ó alumnado no proceso de aprendizaxe, empregárase unha metodoloxía activa buscando a participación do alumnado nos procesos deliberativos e de investigación, de modo que o alumnado ten que construír os seus propios coñecementos utilizando o método científico a través de preguntas, fomentando a observación e a busca de información utilizando fontes variadas, para chegar a respostas que serán contrastadas cos contidos teóricos.

As exposicións orais intercálanse coa utilización de presentacións en power point, vídeos e realización de tarefas que axuden a comprensión de distintos procesos, utilizando en varios grupos a clase ao revés (flipped classroom) e a gamificación.

Mediante a formación de grupos de traballo cooperativo véase favorecido un aprendizaxe entre iguais, onde o profesorado actúa de guía e axuda cando se presentan problemas no proceso, favorecendo o intercambio de ideas a iniciativa persoal ea auto-aprendizaxe.

Realización de prácticas de laboratorio para dotar ao alumnado de ferramentas que lle permitan iniciarse nos métodos de investigación mediante a preparación de actividades cun obxectivo fundamental de desenvolvemento de procedementos.

Realización do proxecto de investigación aplicando as destrezas propias do método científico, observación, argumentación, busca de información e elaboración de respostas. E utilización de ferramentas de avaliación como o e-portfolio, rúbricas, autoavaliacións, etc. que permiten fomentar o pensamento reflexivo e crítico.

E importante tamén partir de coñecementos próximos ao alumnado e incidir na utilidade do aprendido na súa vida cotiá. Ter en conta as ideas previas do alumnado para o deseño e a secuenciación de actividades, facilitando a construción de aprendizaxes cooperativas que propicien o cambio conceptual, metodolóxico e actitudinal.

Potenciarase o uso da aula virtual de outros recursos en rede de modo que facilite o paso ao ensino non presencial de ser necesario.

5. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Pensamos que a avaliación do proceso debe facerse a 2 niveis

1-Profesorado:

Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe tendo en conta:

- 1- Realización da avaliación inicial e valoración de coñecementos previos a cada tema
- 2- Corrección das actividades propostas
- 3- Instrucións para a realización das actividades
- 4- Corrección da libreta e proposta de mellora
- 5- Corrección dos exames e proposta de mellora
- 6- Indicación nos exames do valor de cada pregunta
- 7- Revisar, con frecuencia, os traballos propostos

Alumnado:

Valoración autónoma do seu proceso de aprendizaxe e valoración da práctica docente

- 1- Adquisición de novo vocabulario
- 2- Adquisición de novos contidos
- 3- Instrucións claras para a realización de actividades e exames
- 4- Estimular a participación activa do alumnado en clase.
- 5- Predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fora da aula.
- 6- Desenrolo dos contidos de forma clara para o alumnado.

6. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Realizaranse actividades de recuperación tendo en conta os estándares de aprendizaxe das correspondentes programacións didácticas Alumnado que cursa a materia.

As actividades de recuperación serán programadas, entregadas e avaliadas trimestralmente polo profesorado que imparte clase ao alumnado coa materia pendente.

Alumnado que non cursa a materia

As actividades serán entregadas e recollidas, preferentemente, pola xefa de departamento, establecéndose un horario de seguimento da realización do traballo e consulta de dúbidas, así como unha sección na aula virtual ou EDIXGAL, onde estarán as actividades propostas, as instrucións para realizalas e correo de contacto. As actividades serán entregadas, recollidas e avaliadas trimestralmente

ESO. O alumnado que realice correctamente as actividades de recuperación terá un cinco na avaliación. Se a cualificación é negativa terá que presentarse os exames de recuperación. De non aprobar trimestralmente deberá realizar os exames e probas de recuperación no mes de xuño. Se o alumnado quere subir nota terá que presentarse aos exames parciais ou/e final.

Bacharelato. Ademais das actividades de recuperación que suporán o 40% da nota o alumnado realizará un exame de cada bloque, supoñendo o bloque de xeoloxía un 40% da nota o exame e o de bioloxía un 60% .

Este curso hai un alumno coa materia de 1º ESO non superada, e o seguimento será realizado polo profesor que imparte 1º ESO.

Criterios de cualificación

ESO: Alumnado que non cursa a materia

Con realización de actividades

Valorarase o contido e terase en conta tamén a presentación, será necesario ter un mínimo do 75 % das actividades ben contestadas para obter unha puntuación de 5 (suficiente). En caso de presentarse a os exames para subir nota, a nota final será a nota media dos exames sempre que esta sexa superior a 5, ou a nota do exame final.

Sen presentación de actividades:

Farase a media entre as notas dos exames de avaliación, se está e menor a 5 terá que realizar as actividades e exames de recuperación en xuño.

Bacharelato:

Realización de actividades suporá 40% da nota valorarase o contido e terase en conta tamén a presentación.

Probas escritas. O bloque de xeoloxía suporá un 40% da nota e o de bioloxía un 60% .

Cálculo da nota = 40% actividades + 60% probas escritas (40% xeoloxía+60% bioloxía)

7. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos nas materias non cursadas en bacharelato

O alumnado que se matricule en 2º bacharelato en Bioloxía, Xeoloxía, ou ambas, sen ter cursado a materia en primeiro terá posibilidade de realizar un exame de nivel a principio de curso, de non presentarse, realizará trimestralmente actividades e probas baseadas nos contidos mínimos da materia que corresponda.

Se está matriculado/a en ambas a nota será un 40% xeoloxía e 60% bioloxía

Se ten aprobadas as 2 primeiras avaliacións considéranse os contidos superados, de non ser así terá que realizar unha proba final da parte ou partes da materia non superadas.

8. Avaliación inicial, e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados. (Consideracións xerais)

A principio de curso terá lugar una avaliación inicial que incidirá tanto sobre a adquisición de competencias, como sobre os hábitos de estudo, interese pola materia, actividades de ocio e expectativas de estudo do alumnado, manexo das TIC e conectividade e os coñecementos previos.

Esta proba realizarase nas primeiras semanas do curso, ben de forma oral ou escrita, e aporta tanto unha visión colectiva do funcionamento do grupo como serve para detectar carencias no alumnado en canto a tempo de estudo, interese e dificultades na aprendizaxe, e así tomar medidas tanto dentro da aula, como organizativas no centro (reforzo, inclusión nun agrupamento) ao contrastar estes datos na avaliación inicial de centro.

Ao mesmo tempo deben servir para identificar as fortalezas e carencias do grupo e realizar unha mellor estratexia metodolóxica, xestión da aula e planificación dos grupos cooperativos.

Durante o curso como introdución aos distintos bloques temáticos e coa finalidade de determinar os coñecementos previos e intereses do alumnado sobre o tema a traballar, realizaranse preguntas, ben orais ou escritas (p.e. folio xiratorio) e lecturas comprensivas que poñan de manifesto estes coñecementos e así determinar o punto de partida e as necesidades de reforzo ou ampliación nos distintos temas.

9. Medidas de atención a diversidade

Comeza por realizar actividades que permitan detectar os coñecementos previos dos alumnos/as así como identificar as dificultades que estes poidan ter.

Co obxectivo de solucionar estas dificultades facilitarase a estes alumnos/as actividades axeitadas os distintos ritmos de aprendizaxe e de distinto tipo como:

Para alumnado con dificultades de aprendizaxe:

- Actividades de síntese, distribuídas o longo da unidade para recuperar os que se perdan.
- Actividades de reforzo destinadas a preparar os exames de recuperación.
- Resaltar a utilidade dos contidos que traballamos na aula para a vida cotiá.
- Utilización do material específico (p.o. Avanza da Ed. Santillana e Ed Oxford)
- Adaptacións curriculares cando sexa necesario

Para alumnado con altas capacidades.

- Propostas de traballos e preguntas de investigación bibliográfica que permita profundizar nos distintos temas.
- Propoñer cuestión e problemas que leven a integrar distintos conceptos para atopar solucións.
- Utilización de artigos de prensa relacionados cos temas tratados.

Tratarase tamén de fomentar a integración no grupo, utilizando o traballo cooperativo en pequeno grupo para potenciar a formación entre iguais, intercalando a formación tanto de grupos heteroxéneos, como de grupos homoxéneos en función das dificultades das distintas actividades propostas. No traballo en grupo o alumnado asumira distintos roles ao longo do curso de modo que todos participen na elaboración dos traballos realizando distintas tarefas (secretaria/o, comunicador/a, aportar información, etc)

10. Concreción dos elementos transversais que se traballaran nos distintos cursos

Os temas transversais contribúen en gran medida a consecución do desenvolvemento das competencias clave.

Os coñecementos que aporta esta area son imprescindibles para os temas :

- educación para a saúde, fomentar o coidado persoal e a súa importancia para a saúde individual e da comunidade
- educación ambiental , fomentar o respecto e coidado do medio ambiente partindo do entorno mais próximo, o propio centro, e valorar a importancia da súa labor en temas como a reciclaxe, prevención de incendios etc.
- educación sexual, fomentar a aceptación persoal, o respecto cara os demais e a tolerancia fronte os distintos modos de pensar e actuar.
A Educación en igualdade de xénero acercando e poñendo en valor as apartacións científicas realizadas por distintas investigadoras ao longo da historia, así como os atrancos que tiveron que superar para levar a cabo o seu traballo
Todos estes temas contribúen ao desenvolvemento da competencia social e cidadá así como a de coñecemento e interacción co mundo físico

O traballo en grupo cooperativo. ABP e as prácticas de laboratorio están destinadas a :

- aprender a convivir cos demais, cooperar a tomar decisións.
- aceptarse como son e a aceptar os demais sen discriminación.
- Valorar as aportacións dos demais

Esta forma de plantexar o traballo na aula axuda a conseguir autonomía e iniciativa persoal, así como a aprender a aprender.

11. Actividades complementarias e extraescolares

Si a evolución da pandemia o permite, intentarase realizar una saída para cada nivel, e distintas charlas e actividades complementarias os criterios de selección son:
-Adecuación ao temario do curso.

- Coste económico para o alumnado, preferiblemente actividades subvencionadas polas administracións.
- Proximidade.
- Relación cos temas transversais tratados
- Realización preferente no horario da materia

TÍTULO	TIPO	GRUPOS	DATAS
SEMANA DA CIENCIA	<input type="checkbox"/> Extraescolar X Complementaria	TODOS	Novembro
Saídas didácticas medio natural próximo ao centro	Extraescolar X Complementaria	ESO e 1º BACHARELATO	Todo o curso
Horta Escolar	Extraescolar X Complementaria	ESO e 1º Bach, 2º Bach xeoloxía	Todo o curso
Baixada ao patio, para realizar observacións e recollida de mostras	Extraescolar X Complementaria	ESO e 1º Bach	Ao longo do curso
Día da Muller e nena na Ciencia	Extraescolar X Complementaria	ESO e Bach	Febreiro
Semana da saúde	Extraescolar X Complementaria	3º ESO, 1ª Bach AA	Abril
Semana do medio ambiente	Extraescolar X Complementaria	ESO e Bach	Xuño
Actividades MEDIOAMBIENTAIS DO CONCELLO DE REDONDELA	X Extraescolar X Complementaria	Según oferta	DE OUTUBRO ATA ABRIL según oferta
Saída observación de aves	Extraescolar X Complementaria	1º ESO 4º ESO Cult Cien.	1º ou 2º trimestre
Saída Xeoloxía	X Extraescolar Complementaria	1º bac e 2º bach	1º ou 2º trimestre
Visita Facultade de Bioloxía	X Extraescolar Complementaria	1º bac e 2º Bach	1º ou 2º trimestre

Denomínase **extraescolar** a actividade que figura na programación xeral anual realizada fora do horario lectivo. Ten que ser aprobada polo Consello Escolar. **Complementaria** é a actividade didáctica realizada en horario lectivo, diferenciada polo momento, espazos ou recursos utilizados, que forma parte da programación. (D.O.G. 9-08-96)

12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Trimestralmente valorarase na reunión de departamento a adecuación da temporalización da programación, metodoloxía utilizada, os resultados obtidos e a consecución dos estándares de aprendizaxe por parte do alumnado. En función de estes resultados faranse as modificacións necesarias na programación.

Tamén se valorará trimestralmente a práctica docente e o proceso de ensino aprendizaxe

13. Tratamento e fomento das TICs

Utilización do ordenador e proxector de aula

Utilización da aula virtual como aula espello

O alumnado de ESO participa no proxecto “EDIXGAL” .

Dito material é utilizado asiduamente nas clases do xeito seguinte:

- Presentacións en power point para completar ou introducir a explicación dos diversos temas.-Utilización das web de recursos principalmente do repositorio abalar e ministerio de educación (proxecto biosfera, célula eucariota, banco de sons e imaxes. etc)
- Busca de información científica en Internet utilizando os buscadores mais correntes.
- Busca en Google Earth de mapas e información tanto do universo como xeograficamente.
- Proxección de videos e dvds propios de cada contido
- Realización de presentacións e proxectos por parte do alumnado

14. Tratamento e fomento da lectura

A comunicación, nos ámbitos da comprensión e expresión, tanto oral como escrita, constitúe un eixe fundamental no proceso de ensino e aprendizaxe do coñecemento científico, contribuíndo ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

Nesta área trátase de desenvolver a capacidade de comprensión cando se fan lecturas de textos científicos e o alumnado aprende a diferenciarlos doutros que non son científicos, cando se contrastan materiais escritos e audiovisuais de diferentes fontes, tanto descritivos como argumentativos, nun proceso que pasa pola identificación dos conceptos e ideas principais, a interpretación do papel que desempeñan segundo o contexto e as relacións que se establecen entre eles.

Actividades:

O Departamento vai participar no Plan lector participando nas distintas actividades programadas.

O programa da biblioteca estará este curso adicado a medio próximo co proxecto “ Redondela o meu pobo”.

Nos niveis de 3º e 4º ESO e 1º e 2º bacharelato, utilizaranse principalmente artigos de revistas de divulgación científica e artigos de prensa relacionados co temario de cada curso: sismos, medio ambiente, saúde, recursos e avances científicos.

Utilización de guías de campo para a identificación de distintos grupos de seres vivos e rochas, onde atopan a súa descrición.

15. Programacións por materia

Curso: 4º ESO

Materia: Bioloxía e Xeoloxía

Profesora que imparte a materia: M^a Jesús Leis Blanco

INDICE:

- a. Introducción e contextualización
- b. Obxectivos curso . Competencias clave
- c. Contidos. Criterios de avaliación Estándares de aprendizaxe e a súa relación cos perfís competenciais
- d. Temporalización
- e. Criterios de cualificación

Introdución e contextualización

En cuarto curso de ESO iníciase o alumnado nas grandes teorías que permitiron o desenvolvemento máis actual desta ciencia (a tectónica de placas, a teoría celular, a teoría da evolución e a xenética e as implicacións da biotecnoloxía), para finalizar co estudo dos ecosistemas, as relacións tróficas entre os distintos niveis e a interacción dos organismos entre eles e co medio, así como a súa repercusión na dinámica e na evolución dos devanditos ecosistemas. Todos estes contidos son moi próximos a realidade actual e historicamente contribuíron a cambiar a sociedade.

Ao tratarse dunha materia de modalidade o alumnado mostra, e normalmente maior interese pola materia. Este curso son un total de 17, 11 mozas e 6 mozos, non hai repetidores, nin alumnado coa materia pendente, e todo o grupo cursa as mesmas materias troncais

<p>Obxectivoa</p> <p>Analizar a composición e a estrutura interna da Terra</p> <p>Coñecer a estrutura interna da Terra e as manifestacións relacionadas coa súa dinámica</p> <p>Distinguir os distintos niveis de organización que constitúen a materia.</p> <p>Coñecer os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, así como o seu significado biolóxico</p> <p>Coñecer os tipos e a composición dos ácidos nucleicos.</p> <p>Recoñecer as aplicacións da biotecnoloxía, a enxeñaría xenética e a clonación.</p> <p>Coñecer e valorar as implicacións sociais dos avances no campo da biotecnoloxía, a enxeñaría xenética e a clonación</p> <p>Estudar a herdanza dos caracteres e interpretar árbores xenealóxicas.</p> <p>Explicar as liñas básicas e as probas que demostran a evolución das especies.</p> <p>Comprender a importancia das relacións entre biótomo e biocenose para manter o equilibrio do ecosistema.</p> <p>Recoñecer os diferentes niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas</p> <p>Coñecer o vocabulario científico adecuado ao seu nivel.</p> <p>Coñecer toda a información de carácter científico para ter unha opinión propia.</p> <p>Levar a cabo un traballo experimental de prácticas de laboratorio ou de campo.</p> <p>Levar a cabo un proxecto de investigación desde unha boa planificación e exposición.</p>	<p>Competencias clave</p> <p>Comunicación lingüística (CCL): lectura comprensiva de textos científicos, realización de informes, sínteses e conclusións, exposicións orais e participación en debates.</p> <p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): comprensión e explicación de conceptos científicos a un nivel medio, cálculos matemáticos, interpretación e realización de gráficas.</p> <p>Competencia dixital (CD): busca de información en internet, realización de presentacións dixitais e tarefas que impliquen un certo dominio TIC.</p> <p>Aprender a aprender (CAA): Partindo das ideas previas do alumnado, elaborar o seu propio material e reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe. Busca de información en libro, revistas e artigos científicos, de soportes dixitais ou de vídeos.</p> <p>Competencias sociais e cívicas (CSC): cooperación en actividades de grupo e na aula en xeral, respecto polos membros da comunidade educativa e os materiais do centro, valoración da saúde (nutricional, sexual, rexeitamento de substancias nocivas...), conciencia mebioambiental.</p> <p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): busca de información e recursos, planificación para a realización de tarefas e proxectos, cooperación no grupo e capacidade de coordinación en tarefas grupais.</p> <p>Conciencia e expresións culturais (CCEC): valoración do entorno próximo e, aprecio do patrimonio cultural e natural (biodiversidade, espazos de interese biolóxico e xeolóxico...). Realización de tarefas utilizando distintos soportes, collage con material reciclado, audiovisuais etc.</p>
--	---

Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe e a súa relación cos perfís competenciais. Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.

Bloque 1. A evolución da vida

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (En negrita grao mínimo de consecución do estándar)	Competencias clave
▪ f ▪ h	☑ B1.1. Célula procariota e célula eucariota: relacións evolutivas. Célula animal e célula vexetal: morfoloxía e función.	☑ B1.1. Determinar as analogías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar as relacións evolutivas entre elas.	☑ BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.	▪ CAA ▪ CMCCT
			☑ BXB1.1.2. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos	▪ CD ▪ CAA
▪ f ▪ g	☑ B1.2. Núcleo e ciclo celular.	☑ B1.2. Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular, a través da observación directa ou indirecta.	☑ BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.	▪ CCL ▪ CAA
▪ g ▪ f	☑ B1.3. Cromatina e cromosomas. Cariotipo.	☑ B1.3. Comparar a estrutura dos cromosomas e da cromatina.	☑ BXB1.3.1. Recoñece as partes dun cromosoma utilizándoo para construír un cariotipo.	▪ CMCCT
▪ g ▪ f ▪ h	☑ B1.4. Mitose e meiose: principais procesos, importancia e significado biolóxico.	☑ B1.4. Formular e identificar os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, e revisar o seu significado e a súa importancia biolóxica.	☑ BXB1.4.1. Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.	▪ CMCCT ▪ CAA
▪ g ▪ f ▪ h	☑ B1.5. Ácidos nucleicos: ADN e ARN	☑ B1.5. Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función.	☑ BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ g ▪ h	☑ B1.6. ADN e xenética molecular. Proceso de replicación do ADN. Concepto de xene.	☑ B1.6. Relacionar a replicación do ADN coa conservación da información xenética.	☑ BXB1.6.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.	▪ CAA
▪ g ▪ b	☑ B1.7. Expresión da información xenética. Código xenético.	☑ B1.7. Comprender e ilustrar como se expresa a información xenética, utilizando o código xenético e resolvendo problemas sinxelos.	☑ BXB1.7.1. Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ b ▪ a	☑ B1.8. Mutacións. Relacións coa evolución.	☑ B1.8. Valorar e recoñecer o papel das mutacións na diversidade xenética, e comprender a relación entre mutación e evolución.	☑ BXB1.8.1. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.	▪ CMCCT ▪ CAA
▪ f ▪ g ▪ h	☑ B1.9. Herdanza e transmisión de caracteres. Introducción e desenvolvemento das leis de Mendel. ☑ B1.10. Base cromosómica da herdanza mendeliana B1.11 Aplicacións das leis de Mendel	☑ B1.9. Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel.	☑ BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.	▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CCEC

▪ g	☑ B1.12. Herdanza do sexo e herdanza ligada ao sexo.	☑ B1.10. Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo,	☑ BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.	▪ CAA ▪ CSIEE
▪ a ▪ c ▪ g	☑ B1.13. Doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social.	☑ B1.11. Coñecer e identificar algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social	☑ BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.	▪ CMCCT ▪ CSC
▪ f	☑ B1.14. Técnicas da enxeñaría xenética.	☑ B1.12. Identificar as técnicas da enxeñaría xenética: ADN recombinante e PCR.	☑ BXB1.12.1. Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.	▪ CMCCT ▪ CSIEE
▪ g ▪ h ▪ m	☑ B1.15. Aplicacións da enxeñaría xenética. Biotecnoloxía Bioética.	☑ B1.13. Comprender e describir o proceso da clonación.	☑ BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva	▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CAA
▪ a ▪ c ▪ g		☑ B1.14. Recoñecer as aplicacións da enxeñaría xenética: organismos modificados xeneticamente (OMX).	☑ BXB1.14.1. Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.	▪ CSC ▪ CSIEE
▪ a ▪ c ▪ d		☑ B1.15. Valorar e interpretar as aplicacións da tecnoloxía do ADN recombinante na agricultura, na gandaría, no ambiente e na saúde.	☑ BXB1.15.1. Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía	▪ CSC
▪ a ▪ c ▪ g ▪ h	☑ B1.16. Orixe e evolución dos seres vivos. Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra. ☑ B1.17. Teorías da evolución. Feito e mecanismos da evolución.	☑ B1.16. Coñecer e describir as hipóteses sobre a orixe da vida e as probas da evolución. Comparar lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	☑ BXB1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	▪ CMCCT ▪ CAA
▪ g ▪ h		☑ B1.17. Comprender e establecer os mecanismos da evolución destacando a importancia da mutación e a selección. Analizar o debate entre gradualismo, saltacionismo e neutralismo.	☑ BXB1.17.1. Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural.	▪ CAA
▪ g	☑ B1.18. As árbores filoxenéticas no proceso de evolución	☑ B1.18. Interpretar árbores filoxenéticas, incluíndo a humana	☑ BXB1.18.1. Interpreta árbores filoxenéticas.	▪ CAA
▪ g ▪ h ▪ b	▪ B1.19. Evolución humana: proceso de hominización	▪ B1.19. Describir a hominización.	▪ BXB1.19.1. Recoñece e describe as fases da hominización.	▪ CMCCT ▪ CCL

Bloque 2. A dinámica da Terra				
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (En negrita grao mínimo de consecución do estandar)	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g ▪ h 	<p>☑ B2.1. Historia da Terra. Orixe da Terra. Tempo xeolóxico, deas históricas sobre a idade da Terra. Principios e procedementos que permiten reconstruír a súa historia. Utilización do actualismo como método de interpretación.</p>	<p>☑ B2.1. Recoñecer, compilar e contrastar feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante.</p>	<p>☑ BXB2.1.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g 		<p>☑ B2.2. Rexistrar e reconstruír algúns dos cambios máis notables da historia da Terra, e asocialos coa súa situación actual.</p>	<p>☑ BXB2.2.1. Reconstrúe algúns cambios notables na Terra, mediante a utilización de modelos temporais a escala e recoñecendo as unidades temporais na historia xeolóxica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h 	<p>☑ B2.2. Eóns, eras xeolóxicas e períodos xeolóxicos: situación dos acontecementos xeolóxicos e biolóxicos importantes.</p>	<p>☑ B2.3. Categorizar e integrar os procesos xeolóxicos máis importantes da historia da Terra.</p>	<p>☑ BXB2.3.1. Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, e recoñece algúns animais e plantas característicos de cada era.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f 	<p>☑ B2.3. Os fósiles guía e o seu emprego para a datación e o estudo de procesos xeolóxicos.</p>	<p>☑ B2.4. Recoñecer e datar eóns, eras e períodos xeolóxicos, utilizando o coñecemento dos fósiles guía.</p>	<p>☑ BXB2.4.1. Relaciona algún dos fósiles guía máis característico coa súa era xeolóxica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 	<p>☑ B2.4. Interpretación de mapas topográficos e realización de perfís topográficos. Interpretación e datación de procesos representados en cortes xeolóxicos.</p>	<p>☑ B2.5. Interpretar cortes xeolóxicos sinxelos e perfís topográficos como procedemento para o estudo dunha zona ou dun terreo.</p>	<p>☑ BXB2.5.1. Interpreta un mapa topográfico e fai perfís topográficos..</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ f 		<p>☑ B2.5. Interpretar cortes xeolóxicos sinxelos e perfís topográficos como procedemento para o estudo dunha zona ou dun terreo.</p>	<p>☑ BXB2.5.2. Resolve problemas sinxelos de datación relativa, aplicando os principios de superposición de estratos, superposición de procesos e correlación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g 	<p>☑ B2.5. Estrutura e composición da Terra. Modelos xeodinámico e xeoquímico.</p>	<p>☑ B2.6. Comprender e comparar os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.</p>	<p>☑ BXB2.6.1. Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ f 	<p>☑ B2.5. Estrutura e composición da Terra. Modelos xeodinámico e xeoquímico.</p> <p>☑ B2.6. A tectónica de placas e as súas manifestacións. Evolución histórica da deriva continental á tectónica de placas</p>	<p>☑ B2.7. Combinar o modelo dinámico da estrutura interna da Terra coa teoría da tectónica de placas.</p>	<p>☑ BXB2.7.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE

		<p>☒ BB5.10.3. Clasifica e entende os tipos de transplantes, e relaciona os avances neste ámbito co impacto futuro na doazón de órganos, medula e sangue.</p>		<p>☒ CSC</p> <p>☒ CCEC</p>

TEMPORALIZACIÓN:

1º TRIMESTRE

Estándares de aprendizaxe do bloque 1. Base molecular e fisicoquímica da vida.

Bloque	Tema	Temporalización
Bloque 1. Base molecular e fisicoquímica da vida	Bioelementos, auga ,sales m.	etembro (6 sesións)
	Glúcidos	stembro (6 sesións)
	Lípidos	Outubro(4 sesións)
	Proteínas enzimas	outubro (6 sesións)
	Ácidos nucleicos	Nov (5 sesións)

2º TRIMESTRE

Estándares de aprendizaxe do Bloque 2. A célula viva. Morfoloxía, estrutura e fisioloxía celular

Bloque	Tema	Temporalización
Bloque 2. A célula viva. Morfoloxía, estrutura e fisioloxía celular	A célula viva. Morfoloxía, estrutura	Dec (6 sesións)
	catabolismo	Xaneiro (8 sesións)
	Anabolismo	Xan-feb (8 sesións)
	División celular	Feb (4 sesións)

3º TRIMESTRE

Estándares de aprendizaxe do Bloque 3, 4 e 5

Bloque	Temas	Temporalización
Bloque 3. Xenética e evolución	Xenética mendeliana	Marzo (6 Sesións)
	Xenética molecular	Marz- abril (9 sesións)
	evolución	Abril (3 sesións)
Bloque 4.O mundo dos microorganismos e súas aplicacións. Biotecnoloxía		Abr-maio (6 sesións)
Bloque 5. O sistema inmunitario. A inmunoloxía e as súas aplicacións		Maio (8 sesións)

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (desenvolvido no punto 5 da programación)

Procedementos:

Valoración das probas escritas e cuestionarios online, E- portafolio, traballos en grupo, exposicións orais e observación directa do traballo diario.

Instrumentos:

Probas escritas (presenciais) e cuestionarios online, E-portafolio individual, proxectos realizados en grupo, exposicións orais e observación directa do traballo diario (aula física e virtual/campo). Utilización de rúbricas.

CONCRECIÓNS METODOLOXICAS (ampliado no punto 3 da programación)

Dende principio de curso utilizarase da aula virtual como un curso espello da aula física, onde estarán recollidas: presentacións, instrucións, tarefas, vídeos e material complementario utilizado na aula. En caso de ensino non presencial complementarase coa utilización de Webex e Flipped Classroom. Nas primeiras sesión do curso traballarase o funcionamento destes recursos.

Potenciarase o uso sistemático do método científico e o aprendizaxe entre iguais mediante o traballo en equipo cooperativo.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libro de texto, presentacións, modelos, fichas de actividades, de ampliación e reforzo, vídeos, aula virtual e recursos en rede como:
<http://recursos.cnice.mec.es/biosfera/profesor/2bachillerato/1.htm>
http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2009/celula_eucariota/index.htm

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Avaliacións parciais

Ensino presencial ou semipresencial

Os exames escritos suporán un 80% da notada avaliación, o 20% restante será a cualificación do E-Portafolio onde estarán recollidas as tarefas tanto individuais como grupais propostas. Condicións necesarias para o aprobado final: Obter nota mínima de 5 sobre 10.

En cada avaliación, faranse 2 ou 3 exames parciais e un exame de recuperación, cando a nota dos parciais sexa inferior a 3,5, deben recuperar esa parte.

Será necesario acadar unha nota mínima de 3.5 sobre 10 para facer media coas demais cualificacións.

No E-portafolio será necesario acadar unha nota mínima de 3,5 para facer media coas demais cualificacións, de ser a nota inferior a 3,5 deberan incluír no E-portafolio actividades de recuperación propostas pola profesora.

Na última avaliación realizarase unha proba global (modelo ABAU) que fará media co resto dos exames do trimestre.

Se un exame non pode realizarse na data prevista de forma presencial polo grupo, quedará aprazado ata a nova incorporación a clase presencial sempre que isto sexa posible.

As faltas aos exames deberán ser xustificadas documentalmente.

Se un alumno/a copia ou existen sospeitas fundadas de que copiou nun exame: Terá que repetir o exame ese mesmo día de modo oral ou á entrega da corrección

Ensino online

Os exames suporán un 40% da notada avaliación, o 40% restante será realización do E-Portafolio e 20% proxecto cooperativo. Os exames poderán ser escritos ou orais (videoconferencia)

Avaliación ordinaria

A nota final será a media aritmética entre as 3 avaliacións sempre que a nota de cada unha delas non sexa inferior a 3.5 O alumnado con avaliacións suspensas (nota menor de 3,5 nunha delas, o media global menor a 5) terá que realizar a recuperación no mes de maio.

Condições necesarias para o aprobado final: Obter nota mínima de 5 sobre 10.

Avaliación e cualificación da avaliación extraordinaria.

Consistirá na realización dun exame baseado no grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.

Condições necesarias para o aprobado final (avaliación extraordinaria): Obter nota mínima na proba de exame de 5 sobre 10.

Curso: 4º ESO

Materia: Cultura científica

Profesorado que imparte a materia: Mª Jesús Leis Blanco

Índice:

Introdución e contextualización.

Obxectivos do curso. Competencias clave.

Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe e a súa relación cos perfís competenciais. Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe.

Temporalización.

Procedementos e instrumentos de avaliación.

Concrecións metodolóxicas

Materiais e recursos didácticos

Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Introdución e contextualización.

En 4º de ESO, a materia Cultura Científica establece a base de coñecemento científico, sobre temas xerais como o universo, os avances tecnolóxicos, a saúde, a calidade de vida e a contribución do coñecemento dos materiais aos avances da humanidade. A obtención e selección crítica de información de carácter científico, a valoración da importancia da ciencia e tecnoloxía na vida diaria, a comunicación de información de carácter científico en distintos soportes, escrito, oral e virtual, o diálogo e debate entre iguais sobre os temas científico tecnolóxicos, o traballo cooperativo e colaborativo, deben formar parte do desenvolvemento curricular para lograr a adquisición das distintas competencias. Trátase pois, ademais de adquirir coñecementos científico tecnolóxicos, contribuír á capacidade de avaliar de xeito crítico e comunicar de xeito eficaz cuestións de carácter científico e tecnolóxico.

Alumnado:

Ao ser unha materia optativa o grupo é máis reducido e mostra maior interese tamén e un grupo máis heteroxeneo ao proceder de grupos distintos, aplicadas e humanidades

OBXECTIVOS DO CURSO. COMPETENCIAS CLAVE.

Obxectivos	Competencias e materialización
------------	--------------------------------

<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o proceso científico como algo que foi sufrindo aportacións ao longo da historia. - Coñecer a metodoloxía científica actual. Ser consciente do proceso de debate e revisión científicos constantes. - Coñecer determinadas aportacións científicas en relación aos contidos deste curso en aspectos tales como o universo, a saúde, o avance tecnolóxico, os materiais e a problemática medioambiental. - Valorar a saúde e a protección medioambiental como elementos fundamentais para as persoas e en xeral para a sociedade. - Interpretar documentos científicos, tanto textos como elementos tipo gráficas ou modelos. - Coidar a expresión oral e escrita, con manexo de vocabulario científico, nas actividades e traballos. - Realización de tarefas tanto individuais como en grupo. Argumentación das ideas expostas. - Manexo das TIC. Fomentar o hábito de lectura e outras actividades culturais (cine..). 	<p>Comunicación lingüística (CCL): lectura comprensiva de textos científicos, realización de informes, sínteses e conclusións, exposicións orais e participación en debates.</p> <p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT): comprensión e explicación de conceptos científicos a un nivel medio, cálculos matemáticos, interpretación e realización de gráficas.</p> <p>Competencia dixital (CD): busca de información en internet, realización de presentacións dixitais e tarefas que impliquen un certo dominio TIC.</p> <p>Aprender a aprender (CAA): Partindo das ideas previas do alumnado, elaborar o seu propio material e reflexionar sobre o proceso de aprendizaxe. Busca de información en libro, revistas e artigos científicos, de soportes dixitais ou de vídeos.</p> <p>Competencias sociais e cívicas (CSC): cooperación en actividades de grupo e na aula en xeral, respecto polos membros da comunidade educativa e os materiais do centro, valoración da saúde (nutricional, sexual, rexeitamento de substancias nocivas...), conciencia medioambiental.</p> <p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE): busca de información e recursos, planificación para a realización de tarefas e proxectos, cooperación no grupo e capacidade de coordinación en tarefas grupais.</p> <p>Conciencia e expresións culturais (CCEC): valoración do entorno próximo e, aprecio do patrimonio cultural e natural (biodiversidade, espazos de interese biolóxico e xeolóxico...). Realización de tarefas utilizando distintos soportes, collage con material reciclado, audiovisuais etc.</p>
--	--

Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e a súa relación cos perfís competenciais e grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe

Bloque 1. Procedementos de traballo.				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	C. clave
B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración de informes e	B.1. Obter, seleccionar e valorar informacións relacionados con temas científicos da actualidade.	CCIB1.1.1. Analiza un texto científico, valorando de forma crítica o seu contido.	Analiza un texto científico, facendo algunha valoración de forma crítica o seu contido.	CCEC CAA

presentación dos mesmos utilizando distintos medios.		CCIB1.1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais, como Internet.	Todo	CCLD CD CAA
B1.2. Ciencia, tecnoloxía e sociedade. Perspectiva histórica.	B.2. Valorar a importancia que ten a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico na actividade cotiá.	CCIB1.2.1. Analiza o papel que a investigación científica ten como motor da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia.	Comprende o papel da investigación científica como motor da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia	CAA CCEC
B1.1. A comunicación en ciencia e tecnoloxía. O artigo científico. Fontes de divulgación científica. Elaboración de informes e presentación dos mesmos utilizando distintos medios.	B.3. Comunicar conclusións e ideas en distintos soportes a públicos diversos, utilizando eficazmente as tecnoloxías da información e comunicación para transmitir opinións propias argumentadas.	CCIB1.3.1. Comenta artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas e análises das consecuencias sociais dos textos analizados e defende en público as súas conclusións.	Comenta textos científicos divulgativos realizando valoracións críticas e defende en público as súas conclusións.	CCL CD CAA

Bloque 2. O universo.				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	C. clave
B2.1. A orixe do universo, o sistema solar, a Terra, a vida e a evolución; teorías científicas fronte a opinións e crenzas; perspectiva histórica.	B2.1. Diferenciar as explicacións científicas relacionadas co Universo, o sistema solar, a Terra, a orixe da vida e a evolución das especies daquelas baseadas en opinións ou crenzas.	CCIB2.1.1. Describe as diferentes teorías achega da orixe, evolución e final do Universo, establecendo os argumentos que as sustentan.	Coñece as teorías acerca da orixe, a evolución e o final do Universo, e recoñece algúns dos argumentos que as sustentan.	CMCCT
B2.2. Orixe, formación e estrutura do Universo.	B2.2. Coñecer os feitos históricos e as teorías que xurdiron ao longo da historia sobre a orixe do Universo e en particular a teoría do Big Bang.	CCIB2.2.1. Recoñece a teoría do Big Bang como explicación á orixe do Universo.	Todo	CMCCT
		CCIB2.2.2. Sinala os acontecementos científicos que foron fundamentais para o coñecemento actual que se ten do Universo.	Sinala principais acontecementos científicos que foron fundamentais para o coñecemento actual que se ten do Universo.	CMCCT
	B2.3. Describir a organización do Universo e como se agrupan as estrelas e planetas.	CCIB2.3.1. Establece a organización do Universo coñecido, situando nel ao sistema solar.	Establece a organización básica do Universo coñecido, situando nel ao sistema solar.	CMCCT

		CCIB2.3.2. Determina, coa axuda de exemplos, os aspectos máis relevantes da Vía Láctea.	Glosario os principais compoñentes da vía Láctea	CMCCT
		CCIB2.3.3. Xustifica a existencia da materia escura para explicar a estrutura do Universo.	Recoñece a existencia da materia escura	CMCCT
	B2.4. Sinalar que observacións poñen de manifesto a existencia dun buraco negro, e cales son as súas características.	CCIB2.4.1. Argumenta a existencia dos buracos negros describindo os seus principais características.	Buracos negros definición e principais características	CMCCT
	B2.5. Distinguir as fases da evolución das estrelas e relacionalas coa xénese de elementos.	CCIB2.5.1. Coñece as fases da evolución estelar e describe en cal delas atopar o noso Sol.	Todo	CMCCT
	B2.3. O sistema solar. Formación e estrutura.	B2.6. Recoñecer a formación do sistema solar.	CCIB2.6.1. Explica a formación do sistema solar describindo a súa estrutura e características principais.	Todo
	B2.7. Indicar as condicións para a vida noutros planetas	CCIB2.7.1. Indica as condicións que debe reunir un planeta para que poida albergar vida.	Todo	CAA CMCCT

Bloque 3. Avances tecnolóxicos, implicacións sociais e medioambientais

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	C clave
B3.1. Medio ambiente, tecnoloxía e sociedade. O crecemento da poboación humana e os problemas medioambientais. Sostibilidade e protección do medio ambiente.	B3.1. Identificar os principais problemas medioambientais, as causas que os provocan e os factores que os intensifican; así como predicir as súas consecuencias e propoñer solucións aos mesmos.	CCIB3.1.1. Relaciona os principais problemas medioambientais coas causas que os orixinan, establecendo as súas consecuencias.	Relaciona algún dos principais problemas ambientais coas súas causas e consecuencias.	CMCCT
		CCIB3.1.2. Busca e describe solucións aplicables para resolver os principais problemas medioambientais.	A lo menos 2 para cada problema	CCL CAA CSIEE
	B3.2. Argumentar sobre o crecemento da poboación humana, a evolución tecnolóxica, os problemas ambientais e a necesidade dunha xestión sostible dos recursos que proporciona a Terra.	CCIB3.2.1. Coñece e analiza as implicacións medioambientais dos principais tratados e protocolos internacionais sobre a protección do medio ambiente.	Coñecer algún exemplo de tratado internacional	CSC

B3.2. Os principais problemas medioambientais; causas, consecuencias e e posibles solucións.	B3.3. Valorar as graves implicacións sociais, tanto na actualidade como no futuro, da sobreexplotación de recursos naturais, contaminación, desertización, perda de biodiversidade e tratamento de residuos.	CCIB3.3.1. Recoñece os efectos do cambio climático, establecendo as súas causas e propoñendo medidas concretas e aplicables, tanto a nivel global como individual, para reduci-lo.	Recoñece os efectos do cambio climático, as súas causas e propoñendo algunha medida concreta e aplicable, a nivel global e individual, para reduci-lo.	CSIEE CMCCT
		CCIB3.3.2. Valora e describe os impactos da sobreexplotación dos recursos naturais, contaminación, desertización, tratamentos de residuos, perda de biodiversidade, e propón solucións e actitudes persoais e colectivas para palialos.	Todo	CSIEE
B3.3. Estudo de problemas medioambientais do entorno próximo. Elaboración de informes e presentación de conclusións.	B3.4. Saber utilizar climogramas, índices de contaminación, datos de subida do nivel do mar en determinados puntos da costa, etc., interpretando gráficas e presentando conclusións.	CCIB3.4.1. Extrae e interpreta a información en diferentes tipos de representacións gráficas, elaborando informes e establecendo conclusións.	Extrae información de distintas representacións gráficas,	CCL CSIEE
B3.4. Xestión enerxética sostible.	B3.5. Xustificar a necesidade de buscar novas fontes de enerxía non contaminantes e economicamente viables, para manter o estado de benestar da sociedade actual.	CCIB3.5.1. Establece as vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía, tanto renovables como non renovables.	Establece algunhas das vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía, tanto renovables como non	CSC
	B3.6. Coñecer a pila de combustible como fonte de enerxía do futuro, establecendo as súas aplicacións en automoción, baterías, suministro eléctrico a fogares, etc.	CCIB3.6.1. Describe diferentes procedementos para a obtención de hidróxeno como futuro vector enerxético.	Describe un procedemento para a obtención de hidróxeno como futuro vector enerxético	CMCCT
		CCIB3.6.2. Explica o principio de funcionamento da pila de combustible, suscitando as súas posibles aplicacións tecnolóxicas e destacando as vantaxes que ofrece fronte aos sistemas actuais.		CSC

Bloque 4. Calidade de vida.				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	C. clave
B4.1. Saúde e enfermidade. Importancia da ciencia na mellora da saúde ó longo da historia.	B4.1. Recoñecer que a saúde non é soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades.	CCIB4.1.1. Comprende a definición da saúde que dá a Organización Mundial da Saúde (OMS).	Coñece a definición da saúde que dá a Organización Mundial da Saúde (OMS).	CMCCT
B4.2. As enfermidades máis frecuentes; causas, síntomas, medidas preventivas e tratamentos. B4.3. Uso responsable dos medicamentos máis comúns.	B4.2. Diferenciar os tipos de enfermidades máis frecuentes, identificando algúns indicadores, causas e tratamentos máis comúns valorando e describindo a importancia do uso responsable dos medicamentos.	CCIB4.2.1. Determina o carácter infeccioso dunha enfermidade atendendo ás súas causas e efectos.	Todo	CCL
		CCIB4.2.2. Describe as características dos microorganismos causantes de enfermidades infectocontaxiosas.	Describe as características básicas dos microorganismos causantes de enfermidades infectocontaxiosas.	CMCCT
		CCIB4.2.3. Coñece e enumera as enfermidades infecciosas máis importantes producidas por bacterias, virus, protozoos e fungos, identificando os posibles medios de contaxio, describindo as etapas xerais do seu desenvolvemento e os posibles tratamentos.	Unha de cada tipo	CMCCT
		CCIB4.2.4. Identifica os mecanismos de defensa que posúe o organismo humano, xustificando a función que desempeñan.	Todo	CMCCT
		CCIB4.2.5. Interpreta nos prospectos dos medicamentos informacións relativas a posoloxía, indicacións e efectos adversos dos medicamentos de uso máis común no día a día.	Interpreta o prospecto dos medicamentos a información máis importante relativas a posoloxía e efectos adversos de algún medicamento de uso común	CCL
B4.1. Saúde e enfermidade. Importancia da ciencia na mellora da saúde ao longo da historia.	B4.3. Estudar a explicación e tratamento da enfermidade que se fixo ao longo da Historia.	CCIB4.3.1. Identifica os feitos históricos máis relevantes no avance da prevención, detección e tratamento das enfermidades.	Cita algún exemplo	CCEC
		CCIB4.3.2. Recoñece a importancia que o descubrimento da penicilina tivo na loita contra as infeccións bacterianas, a súa repercusión	Recoñece a importancia que teñen os antibióticos e a súa repercusión social e o perigo da resistencia	CCEC

		social e o perigo de crear resistencias aos fármacos.		
		CCIB4.3.3. Explica como actúa unha vacina, xustificando a importancia da vacinación como medio de inmunización masiva ante determinadas enfermidades.	Todo	CMCCT
B4.2. As enfermidades máis frecuentes; causas, síntomas, medidas preventivas e tratamentos.	B4.4. Coñecer as principais características do cancro, diabetes, enfermidades cardiovasculares e enfermidades mentais, etc., así como os principais tratamentos e a importancia das revisións preventivas.	CCIB4.4.1. Analiza as causas, efectos e tratamentos do cancro, diabetes, enfermidades cardiovasculares e enfermidades mentais.	Identifica algunha das causas, efectos e tratamentos do cancro	CMCCT
		CCIB4.4.2. Valora a importancia da loita contra o cancro, establecendo as principais liñas de actuación para previr a enfermidade.	Coñecer as formas de prevención do cancro	CSC
B4.4. As sustancias aditivas: o tabaco, o alcol e outras drogas. Problemas asociados.	B4.5. Tomar conciencia do problema social e humano que supón o consumo de drogas.	CCIB4.5.1. Xustifica os principais efectos que sobre o organismo teñen os diferentes tipos de drogas e o perigo asociado ó seu consumo.	Recoñece os principais efectos que teñen as drogas e o perigo asociado ao seu consumo.	CMCCT
B4.5. Hábitos de vida saudables e non saudables. Alimentación saudable.	B4.6. Valorar a importancia de adoptar medidas preventivas que eviten os contaxios, que facer os controis médicos periódicos e os estilos de vida saudables.	CCIB4.6.1. Recoñece estilos de vida que contribúen á extensión de determinadas enfermidades (cancro, enfermidades cardiovasculares e mentais, etcétera).	Todo	CSC
		CCIB4.6.2. Establece a relación entre alimentación e saúde, describindo o que se considera unha dieta sa.	Características da dieta sa	CMCCT

Bloque 5. A humanidade e o uso dos materiais

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	C. clave
B5.1. O desenvolvemento da humanidade e o uso dos materiais. Consecuencias económicas e sociais do desenvolvemento. Globalización, deslocalización e desenvolvemento sostible.	B5.1. Realizar estudos sinxelos e presentar conclusións sobre aspectos relacionados cos materiais e a súa influencia no desenvolvemento da humanidade.	CCIB5.1.1. Relaciona o progreso humano co descubrimento das propiedades de certos materiais que permiten a súa transformación e aplicacións tecnolóxicas.	Relaciona o progreso humano coa descuberta de certos materiais	CCEC
		CCIB5.1.2. Analiza a relación dos conflitos entre pobos como consecuencia da explotación dos recursos naturais para obter produtos de alto	Relación algún dos conflitos entre pobos como consecuencia da explotación dos recursos naturais	CSC

		valor engadido e/ou materiais de uso tecnolóxico.		
B5.2. Procesos de obtención de materiais: custos económicos, sociais e medioambientais. O ciclo de vida dos produtos. Aplicacións a casos concretos nun contexto real do entorno próximo. B5.3. Os residuos como recurso. Reducir, reutilizar e reciclar.	B5.2. Coñecer os principais métodos de obtención de materias primas e as súas posibles repercusións sociais e medioambientais.	CCIB5.2.1. Describe o proceso de obtención de diferentes materiais, valorando o seu custo económico, medioambiental e a conveniencia da súa reciclaxe.	Describe o proceso de obtención de algún material, valorando o seu custo económico, medioambiental e a conveniencia da súa reciclaxe.	CSC
		CCIB5.2.2. Valora e describe o problema medioambiental e social dos vertidos tóxicos.	Todo	CSC
		CCIB5.2.3. Recoñece os efectos da corrosión sobre os metais, o custo económico que supón e os métodos para protexelos.		CMCCT
		CCIB5.2.4. Xustifica a necesidade do aforro, reutilización e reciclado de materiais en termos económicos e medioambientais.	Todo	CSC
B5.4. Os novos materiais. Aplicacións actuais e perspectivas de futuro en distintos campos .A nanotecnoloxía.	B5.3. Coñecer as aplicacións dos novos materiais en campos tales como electricidade e electrónica, téxtil, transporte, alimentación, construción e medicina.	CCIB5.3.1. Define o concepto de nanotecnoloxía e describe as súas aplicacións presentes e futuras en diferentes campos.	Define o concepto de nanotecnoloxía e describe algunha das súas aplicacións	CD CCEC

TEMPORALIZACIÓN.

1º TRIMESTRE

Estándares de aprendizaxe dos seguintes bloques: Bloque 1: Procedementos de traballo. Bloque 2: O universo.

Bloque	Temas	Temporalización
Bloque 1. Procedementos de traballo.	Comunicación científica. Elaboración de informes	Set- Out (6 sesións)
	Ciencia perspectiva histórica	Out (5 sesións)
Bloque 2: O universo.	Orixe e evolución	Nov (8 sesións)
	Sistema solar	Nov- Dec (7 sesións)

2º TRIMESTRE

Estándares de aprendizaxe do seguinte bloque: Bloque 4: Calidade de vida. Saúde e enfermidade. Bloque 1: Procedementos de traballo

Bloque	Temas	Temporalización
	Saúde e enfermidade	Xan-Fer (12 sesións)

Bloque 4: Calidade de vida. Saúde e enfermidade.	Hábitos saudables	Febr-marzo (10 sesións)
Bloque 1. Procedementos de traballo.		6 sesións Todo o trimestre

3º TRIMESTRE

Estándares de aprendizaxe de: Bloque 3: Avances tecnolóxicos, implicacións sociais e medioambientais. Bloque 5: Humanidade e materiais. Bloque 1

Bloque	Temas	Temporalización
Bloque 3: Avances tecnolóxicos, implicacións sociais e medioambientais	Os principais problemas medioambientais; causas, consecuencias e posibles solucións	Abr (9 sesións)
	Estudo de problemas medioambientais do entorno próximo	Abr (3 sesións)
	Xestión enerxética sostible.	Maio (5 sesións)
Bloque 5: Humanidade e materiais	Os materiais	Maio (5 sesións)
	Nanotecnoloxía	Xuño(4 sesións)
Bloque 1. Procedementos de traballo.		6 sesións Todo o trimestre

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (desenvolvido no punto 5 da programación)

Procedementos:

Valoración das probas escritas e cuestionarios online, E- portafolio, traballos en grupo, exposicións orais e observación directa do traballo diario.

Instrumentos:

Probas escritas (presenciais) e cuestionarios online, E-portafolio individual, proxectos realizados en grupo, exposicións orais e observación directa do traballo diario (aula física e virtual/campo). Utilización de rúbricas.

CONCRECIÓNS METODOLOXICAS (ampliado no punto 3 da programación)

Dende principio de curso utilizarase a aula virtual como un curso espello da aula física, onde estarán recollidas: presentación, instrucións, tarefas, vídeos e material complementario utilizado na aula. En caso de ensino non presencial complementarase coa utilización de Webex e Flipped Classroom. Nas primeiras sesión do curso traballarase o funcionamento de estes recursos.

Potenciarase o uso sistemático do método científico e o aprendizaxe entre iguais, tamén o traballo en equipo cooperativo, con estruturas como “lectura compartida”, “ 1,2,4”, “ folio xiratorio”, traballarase tamén estruturas máis complexas e derivadas na realización de traballos de grupo e para a realización de proxectos, propoñendo tarefas globalizadas que favorezan a auto-aprendizaxe.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Presentacións, modelos, fichas de actividades, de ampliación e reforzo, vídeos, aula virtual e recursos en rede.

EDIXGAL

Ordenador e canón de aula. Horta escolar e ecozona, biblioteca escolar e aula de informática.

Películas sobre a temática do curso p.o. (Agora, Marte, Interestelar, [Terra prometida, Erin Brockovich](#)). [Capítulos da serie Cosmos](#).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Avaliacións parciais.

Ensinanza presencial ou semipresencial

Realizarase un exame trimestral, sendo necesaria unha nota mínima de 3.5 para facer media coas demais cualificacións. De ser a nota inferior a 3,5 deberán presentarse ao exame de recuperación que se fará preferentemente antes da avaliación trimestral.

No E-portafolio será necesario acadar unha nota mínima de 3,5 para facer media coas demais cualificacións, de ser a nota inferior a 3,5 deberán incluír no E-portafolio actividades de recuperación propostas pola profesora.

Cualificación: Proba escrita 50% da nota, E-portafolio 25% da nota e Trballo de grupo 25% da nota.
--

As faltas aos exames deberán ser xustificadas documentalmente.

Se un alumno/a copia ou existen sospeitas fundadas de que copiou nun exame: Terá que repetir o exame ese mesmo día de modo oral ou á entrega da corrección

Ensinanza non presencial

Realizaranse dous cuestionarios online ao trimestre, sendo necesaria unha nota mínima de 3.5 puntos sobre 10 para facer media coas demais cualificacións. De ser a nota inferior a 3.5 deberán presentarse ao exame de recuperación que se fará preferentemente antes da avaliación trimestral. No E-portafolio será necesario alcanzar unha nota mínima de 3.5 para facer media coas demais cualificacións. De ser a nota inferior a 3 deberán incluír no portafolio actividades de recuperación propostas pola profesora.

Cualificación: Cuestionarios online 40% da nota, E-portafolio 40% da nota e Trballo de grupo 20% da nota.

Avaliación e cualificación da avaliación final ordinaria.

A cualificación final ordinaria será a media aritmética das 3 avaliacións, sempre que a nota de cada unha delas non sexa inferior a 3.5.
Condicións necesarias para o aprobado final: Obter nota mínima de 5 sobre 10.

Avaliación e cualificación da avaliación extraordinaria .

Consistirá na realización de actividades e probas baseadas no grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe, onde as actividades suporán un 50% e as probas o outro 50%

Condicións necesarias para o aprobado final (avaliación extraordinaria): Obter nota mínima de 5 sobre 10.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

XEOLOXÍA

2ºBACHARELATO

Curso 2022-23

PROFESOR: Eduardo Carlos González Martínez

- 1) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
- 2) CONTRIBUCIÓNS XERAIS DA MATERIA Ó DESENVOLVEMENTO DAS C. CLAVE
- 3) OBXECTIVOS
- 4) ELEMENTOS TRANSVERSAIS
- 5) VINCULACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DA CADA UN, ELEMENTOS TRANSVERSAIS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
- 6) CONTIDOS DISTRIBUIDOS POR AVALIACIÓN
- 7) ORIENTACIÓNS SOBRE OS CRITERIOS DE CALIFICACIÓNS GLOBAIS DA MATERIA (FORMACIÓN DA NOTA FINAL)
- 8) REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE LABORATORIO
- 9) CONCRECIÓNS DA METODOLOXÍA DIDÁCTICA
- 10) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- 11) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
- 12) ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NAS MATERIAS NON CURSADAS EN BACHARELATO
- 13) PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL, CONTINUA, EXTRAORDINARIA
- 14) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE
- 15) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
- 16) ORGANIZACION DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACION E AVALIACION DAS MATERIAS PENDENTES.
- 17) CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR
- 18) CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC
- 19) CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA
- 20) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

1) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Xeoloxía de segundo curso de bacharelato pretende ampliar, afianzar e afondar nos coñecementos xeolóxicos e nas competencias que se foron adquirindo e traballando na ESO e na materia de Bioloxía e Xeoloxía en primeiro de bacharelato.

A xeoloxía é unha ciencia relativamente nova, pois non foi ata mediados do século XIX cando se dotou de métodos propios de traballo e dunha estrutura científica coherente, baseada sobre todo na descrición, na clasificación e na interpretación dos elementos inertes da natureza. A grande achega diferencial desta ciencia ao mundo científico é o novo concepto de tempo xeolóxico, cuxo tratamento será fundamental para o avance no estudo das transformacións da Terra desde a súa formación. Isto vai facer que, de xeito diferente ás demais ciencias da natureza, a xeoloxía teña moi limitadas as posibilidades de experimentar e utilizar o método científico como ferramenta de traballo, potenciando a cambio a capacidade de observación, curiosidade, interpretación de datos e resolución de problemas.

A materia contribúe a que o alumnado formalice e sistematice a construción de conceptos a través da procura de relacións entre eles e, moi especialmente, ao seu uso práctico. Isto halle permitir coñecer e comprender o funcionamento da Terra e dos acontecementos e os procesos xeolóxicos que acontecen, para, en moitos casos, poder intervir na mellora das condicións de vida. Estas capacidades serán moi importantes para quen desexe realizar estudos posteriores e que complementen a súa formación como individuo nunha sociedade cambiante e dinámica.

A esta flexibilidade de pensamento axuda tamén a integración e a interconexión das disciplinas que a integran, que lle ofrecen ao alumnado unha visión global e integradora que posibilitará que poida afrontar con éxito os retos que terá ante si no futuro. O bacharelato debe, xa que logo, facilitar unha formación básica sólida sobre os aspectos que lle vaian permitir ao alumnado enfrontarse con éxito a estudos posteriores.

O estudo da xeoloxía como ciencia, que nace superando unha visión da Terra dominada por supersticións e relatos bíblicos, debe servir para o dominio de competencias que lle permitan ao alumno aprender a procurar, a compilar e a procesar información sen temor a reflexionar e a interpretar os resultados, tomando decisións baseadas en probas e argumentos, con capacidade de diálogo crítico e construtivo, e valorando todas as fontes de información. Debe potenciar a imaxinación e a creatividade necesaria para a realización de traballos prácticos e a realización e interpretación de cortes e mapas xeolóxicos, adquirindo a competencia necesaria nas novas tecnoloxías que lle permitan manexar modelos e recrear hipóteses de xeito virtual, para unha comprensión mellor dos fenómenos, valorando as fortalezas e as debilidades dos medios tecnolóxicos, e respectando principios éticos no seu uso.

A programación didáctica é un instrumento de planificación curricular, terase en conta para a súa elaboración a lexislación vixente así como o PE (Proxecto educativo) do centro. Debe ser un documento de guía indispensable, requirido e regulado pola seguinte lexislación:

LEIS ORGÁNICAS

▫ Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)

CURRÍCULO

▫ *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*

▫ *Orden ECD/65/2105, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, educación secundaria obligatoria y el bachillerato.*

▫ *Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato.*

USO DO GALEGO

▫ *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*

▫ *Adenda lingüística do centro IES Pedro Florianí (Redondela)*

Centro. O noso centro consta de aproximadamente con 400 alumnos /as e 4 edificios independentes onde se imparten ensinanzas de: ESO, Bacharelato Científico-Tecnolóxico e Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, CM, CS e FPB de Administrativo, CM e FPB de instalacións en telecomunicación e ESA. Utilizando a Escola oficial de idiomas algún aula en horario de tarde.

Alumnado. Na ESO, o centro acolle alumnado procedente dos arredores de Redondela, maioritariamente do ámbito rural cun nivel socioeconómico medio/baixo (centros de Reboveda e Portocabeiro), algúns deles teñen coñecementos previos relacionados coa agricultura e a pesca. Entre este alumnado hai algúns procedentes de Aldeas Infantís con problemas persoais importantes e baixa motivación.

Nos demais grupos o alumnado é máis heteroxéneo, chegando no bacharelato alumnado do centro de Redondela.

Grupo-clase: Atópase formado por un total de 5 alumnos/as, un grupo bastante homoxéneo, no que atopamos estudantes cun nivel académico medio ou medio-alto aínda que a nivel de motivación e interese pódense diferenciar un grupo de alumnos/as que escolleron esta materia por interese e posible utilidade de cara a estudos universitarios relacionados e outro no que a elección da materia debeuse a unha escolla por descarte fronte a outras optativas de maior dificultade según o seu criterio.

2) CONTRIBUCIÓN XERAIS DA MATERIA Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Comunicación lingüística (CCL).

A comunicación, nos ámbitos da comprensión e expresión, tanto oral como escrita, constitúe un eixe fundamental no proceso de ensino e aprendizaxe do coñecemento científico, a expresión oral e escrita busca a coherencia e precisión no uso da linguaxe, tanto no nivel descritivo como no interpretativo e contribúe a ampliación do vocabulario do alumnado.

Trabállase a expresión cando se emiten hipóteses, contrástanse ideas, acláranse significados sobre conceptos ou procesos científicos en contextos diferentes, realízanse sínteses, elabóranse mapas conceptuais, extráense conclusións, realízanse informes ou organízanse debates onde se fomenten actitudes que favorezan a mellora na expresión oral e escrita. Na resolución de problemas estímúlase a lectura comprensiva.

O departamento tamén colabora coa biblioteca nas actividades do proxecto de biblioteca e participa no plan lector.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

O coñecemento científico se cuantifica grazas á linguaxe matemática. O emprego de números, símbolos, operacións e relacións entre eles forman parte da metodoloxía científica e constitúen unha base importante para a comprensión de leis e principios.

Na realización de investigacións sinxelas, traballos prácticos ou resolucións de problemas desenvólvense capacidades para identificar e manexar variables, para organizar e representar datos obtidos de maneira experimental, para a interpretación gráfica das relacións entre eles.

Competencia dixital (CD).

A área de ciencias da natureza contribúe á competencia de tratamento da información e competencia dixital, xa que se traballan habilidades para identificar, contextualizar, relacionar e sintetizar a información procedente de diferentes fontes e presentada en diversas linguaxes propias das tecnoloxías da información e comunicación, como os buscadores pola internet, documentos dixitais, foros, chats, xornais dixitais, revistas divulgativas na web, presentacións electrónicas e simulacións interactivas. Cando se traballa a crítica reflexiva sobre as informacións de tipo científico que achegan as tecnoloxías da información e a comunicación, foméntanse actitudes favorables ao emprego delas evitando o seu emprego indiscriminado.

O alumnado conta coa Aula Virtual e dúas aulas TIC do centro o que facilita o uso das novas tecnoloxías pola súa parte tanto no centro como na casa.

Utilización da aula virtual como espello da aula física con material e tarefas utilizadas na aula.

Aprender a aprender (CAA).

Utilizando o método científico para que constrúan o seu propio coñecemento, partindo da observación do entorno, das ideas previas do alumnado sobre os contidos científicos, formulando preguntas, de modo que as alumnas e os alumnos sexan conscientes dos seus propios coñecementos e limitacións. Valorar a necesidade da aprendizaxe permanente nun mundo en continuo e acelerado cambio. Empregar a historia da ciencia para que os estudantes coñezan os cambios de concepción ao longo da historia a evolución e cambios nas ideas científicas e as resistencias ás novas ideas que se repiten ao longo da historia.

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Esta área trata de dotar ao alumnado das habilidades necesarias para comprender a problemática actual en relación coa súa persoa, co resto da sociedade e co planeta. A aproximación do currículo á situación concreta na cal se vive facilita a participación activa do alumnado en actividades que impliquen esa cidadanía responsable.

Os debates históricos sobre as diferentes concepcións dos fenómenos que afectan as persoas serven para traballar habilidades sociais relacionadas coa participación, cooperación e poñerse en lugar dos outros, aceptar diferenzas, respectar os valores, crenzas e diversidade de cultural. Dar a coñecer o papel da muller na ciencia no presente e pasado.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Utilización do método científico fomentando o interese por observar e coñecer o mundo. Formular e plantexar hipóteses. Fomentar a súa implicación na participación e organización dos grupos de aula e traballo cooperativo. Realización de traballos de forma autónoma, participación en debates onde defender as opinións propias na aula.

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Desde a área de ciencias contribúese a desenvolver esta competencia cando se promove a presentación das ideas ou traballos en formatos diversos, onde se lles deixa ás alumnas e aos alumnos a liberdade de elixir os ditos formatos estéticos e artísticos, realización de modelos, exposicións, visitas a museos. Promover a posta en valor do entorno que nos rodea da paisaxe, partindo do entorno máis próximo, recoñecer a súa beleza e a importancia da súa conservación.

3) OBXECTIVOS

A materia contribúe á consecución dos obxectivos xerais na etapa de Bacharelato definidos en termos de capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- Probas escrita e orais (nalgún exame ou formuladas durante a clase sobre o que se está a explicar)
- Traballos (individuais ou en grupo, incluídos o proxecto de investigación e os asociados a actividades complementarias e extraescolares relacionadas coa materia) tendo en conta a realización e a defensa dos mesmos
- Libreta ou carpeta dixital de clase e de laboratorio
- Observación e rexistros na aula, no laboratorio, ou en calquera actividade complementaria e extraescolar que se realice (puntualidade, disposición do material necesario para o desenvolvemento da materia, calidade das preguntas, respostas e comentarios formulados durante a clase sobre o que se está a explicar, desenvolvemento do traballo individual e en grupo e grao de consecución de estándares asociados; Actividade na aulas asociadas cos estándares de aprendizaxe, as competencias, e os elementos transversais; participación en debates, valorando a pertinencia e calidade dos comentarios dos alumnos...)

C) PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

No caso do alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria poden presentarse á convocatoria extraordinaria de final de curso que consistirá nunha proba escrita baseada nos contidos mínimos e grao de consecución mínimo dos estándares de aprendizaxe. O alumno debe conseguir 5 o máis puntos para aprobar a materia.

D) PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO CON REFORZO EDUCATIVO

Para o alumnado que se poida identificar con necesidades específicas de apoio educativo ou con necesidades educativas especiais, tomaranse toda unha serie de medidas, en coordinación co Dpto. de Orientación, encaminadas a favorecer que as aprendizaxes deste alumnado poidan cumprir os mínimos esixibles para unha avaliación positiva, especialmente aquelas que supoñen unha maior dificultade para este tipo de alumnado como a modificación no deseño e presentación das probas escritas para favorecer a súa superación, apoio nas exposicións orais ou medidas de motivación e reforzo na actividade de aula e casa.

E) PROCEDEMENTO PARA O SEGUIMENTO DO ALUMNADO REPETIDOR

No grupo-clase non hai alumnado repetidor.

14) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A calidade do proceso de ensino e da práctica docente é unha función que depende de factores moi diversos e todos eles relacionados en maior ou menor medida. Por iso é necesario incluír moi diversos indicadores de logro que dean unha idea acerca de se o proceso de ensino e a práctica docente se acercan á excelencia ou ben son deficientes. Pensamos que a avaliación do proceso debe facerse a 2 niveis

Profesorado: Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe tendo en conta:

- Realización da avaliación inicial e valoración de coñecementos previos a cada tema
- Corrección das actividades propostas
- Instrucións para a realización das actividades
- Corrección da libreta e proposta de mellora
- Corrección dos exames e proposta de mellora
- Indicación nos exames do valor de cada pregunta
- Revisar, con frecuencia, os traballos propostos

Alumnado: Valoración autónoma do seu proceso de aprendizaxe e valoración da práctica docente

- Adquisición de novo vocabulario
- Adquisición de novos contidos
- Instrucións claras para a realización de actividades e exames
- Estimular a participación activa do alumnado en clase.
- Predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fora da aula.
- Desenrolo dos contidos de forma clara para o alumnado.

Ademais teranse en conta os seguintes descritores:

- Os alumnos teñen unha idea clara do que se lles esixe para acadar os mínimos nos estándares de aprendizaxe
- Os alumnos identifican que a metodoloxía usada favorece a súa participación e iniciativa e que favorece a adquisición das competencias clave
- O número de alumnos que superan a materia a final de curso correspóndese ou acércase ás mellores expectativas produto da avaliación inicial, ou cando menos a metodoloxía e traballo proposto favorecen que o rendemento dos alumnos se acerque ao seu máximo
- Cada alumno, dentro das súas características propias, está satisfeito coa materia e co profesor
- traballo coa Xefatura de Dpto. e a Vicedirección da lugar a actividades propias da materia que favorecen a adquisición dos estándares de aprendizaxe no maior grao
- A comunicación e colaboración co Equipo Directivo do Centro mellora os resultados da autoavaliación da propia práctica docente

- Existe colaboración con outros departamentos que se reflicten en actividades extraescolares e complementarias compartidas que son do gusto do alumnado e melloran o seu nivel nas distintas competencias clave.
- O laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía, a horta escolar e a parte de Biblioteca adicada as ciencias presenta a final de curso melloras materiais e novas adquisicións en relación ao comezo do curso.
- O grao de satisfacción do profesor co seu traballo é suficiente e estimula aumentar o seu desempeño continuamente
- A práctica docente ten como resultado que o número de alumnos que lles guste a materia por motivos puramente didácticos e de preferencia sexa alto.

Considerarase unha avaliación positiva se se cumpren os seguintes indicadores de logro:

- Resultados académicos (ata un 60 % de avaliacións positivas)
- Desenvolvemento dos contidos (ata un 80%)
- Temporalización adecuada dos contidos (ata un 70%)
- Competencias clave (ata un 80%)
- Grado de satisfacción do alumnado coa materia (ata un 70%)

Na avaliación dos procesos de ensino e a práctica docente consideraranse aspectos relacionados co documento de programación e os relacionados ca súa aplicación (actividades desenvolvidas, selección de materiais e recursos, etc.).

15) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Farase un seguimento continuo da aplicación da programación nas reunións de Departamento, poñendo en común as diferentes incidencias que se poidan dar e as variacións que se consideren oportunas sobre o previsto. Faranse constar as decisións que se adopten no libro de actas do Departamento.

A validez e calidade da seguinte programación didáctica determínase mediante os seguintes indicadores de logro:

- Identifícanse na programación obxectivos, contidos, criterios de avaliación desenvolvidos segundo a lexislación actual e están adaptados ás características do grupo de alumnos aos que vai dirixida a programación.
- A temporalización descrita permite abordar os contidos fundamentais e garante a posibilidade de obter a consecución mínima dos estándares de aprendizaxe
- A programación leva a usar unha metodoloxía variada contando coas características, información e intereses dos alumnos
- Empréganse diversas metodoloxías de ensino-aprendizaxe e trabállanse todas as competencias clave e foméntase a educación en valores e os elementos transversais.
- Os materiais e recursos didácticos usados favorecen o traballo segundo distintas metodoloxías, motivan ao alumnado e contribúen a alcanzar os graos mínimos nos estándares de aprendizaxe.
- Favorece a participación activa do alumnado, para estimular a implicación dos seus propios aprendizaxes.
- Enfronta aos alumnos á resolución de problemas complexos da vida cotiá que esixen aplicar os coñecementos adquiridos.
- Deséñanse actividades para desenvolver competencias.
- Os graos mínimos de consecución de estándares de aprendizaxe permite ao alumnado poder acadar as competencias clave no Bacharelato
- O alumnado entende de ónde vén a súa nota numérica en cada avaliación (comprensión dos criterios e instrumentos usados)
- As actividades complementarias e extraescolares contribúen á adquisición das competencias clave e son ben valoradas polo alumnado

Ao rematar o curso, farase unha memoria final escrita que explique como se desenvolveu a docencia, facendo fincapé nos resultados obtidos e a materia que puido quedar por impartir, se incluírán recomendacións de modificacións da mesma para o vindeiro curso.

16) ORGANIZACION DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACION E AVALIACION DAS MATERIAS PENDENTES.

No caso desta materia (por ser 2º Bacharelato) non pode haber alumnado nesta situación.

17) CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

Nesta materia se contribúe ao plan lector do seguinte modo:

- Incluindo nos criterios de calificación da materia os aspectos de ortografía, redacción e comentario de texto, segundo consta nos procedementos de avaliación.
- Comentando novas de actualidade científica recollidas en diferentes medios.
- Recomendando lecturas de libros e artigos de prensa relacionados coa materia e que axuden a fomentar a curiosidade científica.

18) CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Nesta materia se contribúe ao desenvolvemento do uso das novas tecnoloxías do seguinte modo:

- Para a exposición das unidades, realizaranse as sesións na aula deste grupo dotada de pizarra dixital, aproveitando todos os recursos que as novas tecnoloxías ofrecen, presentacións (propias e atopadas na rede), actividades interactivas (propias e da rede), recursos de internet (vídeos, ...).
- Realizaranse actividades interactivas e relacionadas coa busca de información.
- Os alumnos deberán realizar ao longo do curso alomenos unha presentación dixital e expoñela na clase.
- Os alumnos entregarán os traballos feitos en formato dixital a través da aula virtual. En previsión de posibles problemas de funcionamento da mesma deberán dispoñer dun enderezo de correo electrónico.

19) CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Tratarase de conseguir un clima de traballo na aula que permita o desenvolvemento das actividades con normalidade.

Cando se detecte algún problema entre alumnos ou con eles comunicarase ao equipo de Mediación Escolar, para a súa posible resolución. De non ser así comunicarase á Xefatura de Estudos para a aplicación das medidas correctoras que establece o Regulamento de réxime interno.

20) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O departamento presenta ou colabora con outros departamentos nas seguintes actividades complementarias e extraescolares para esta materia:

- Participación na Semana da Ciencia (novembro).
- Participación no Día da Muller e Nena na Ciencia (febreiro).
- Saída xeolóxica ás pola bisbarra de Redondela con xeólogo e divulgador Francisco Canosa (outubro ata marzo).
- Participación na semana do medio ambiente (xuño).
- Actividades medioambientais do Concello de Redondela (outubro ata abril; oferta por determinar).

As actividades complementarias e extraescolares non están pechadas polo que se poden incorporar máis actividades que vaian xurdindo segundo avance o curso.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CIENCIAS DA TERRA E DO MEDIO AMBIENTE

2º Bacharelato

Curso 2022-23



IES Pedro Floriani. Redondela.

PROFESORA: Áurea Parcero Mariño

ÍNDICE

- 1) INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
- 2) CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
- 3) OBXECTIVOS XERAIS
- 4) ELEMENTOS TRANSVERSAIS
- 5) CONTIDOS DISTRIBUIDOS POR UNIDADES DIDÁCTICAS E AVALIACIÓNS
- 6) RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN , PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS
- 7) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS
- 8) MATERIAIS E RECURSOS
- 9) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
- 10) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- 11) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE
- 12) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN
- 13) CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR
- 14) CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC
- 15) CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA
- 16) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ciencias da Terra e do Medio Ambiente

2º Bacharelato

1. Introducción e contextualización

No bacharelato, a materia de Ciencias da Terra e do Medio Ambiente ten como eixe principal o uso que facemos os humanos dos recursos que nos ofrece o noso planeta, un planeta finito que «utilizamos» como se fose ilimitado. A humanidade enfróntase a importantes retos no século XXI, tales como a busca de fontes alternativas de enerxía, abastecemento de materias primas, dispoñibilidade de auga, impactos ambientais, o quecemento global do planeta, a alteración da capa de ozono, perda da biodiversidade e os factores que inciden neles.

Coñecer a problemática ambiental e os avances científicos contribúe a facilitar a formulación de solucións integradoras entre desenvolvemento e medio ambiente, permitindo establecer unha xestión sostible do noso planeta que evitará graves problemas ambientais.

Para conseguir este fin será necesario utilizar e aplicar coñecementos e competencias adquiridos doutras ciencias, principalmente Bioloxía, Xeoloxía, Física e Química, una visión integradora e holística das aportacións das mencionadas ciencias á comprensión do funcionamento dos sistemas terrestres, a súa dinámica, as súas interaccións, os factores que os rexen e cuxa variación pode provocar a súa alteración modificándoos a escala local, rexional ou global.

As Ciencias da Terra e do Medio Ambiente abordan estas cuestións propostas nas diferentes escalas mencionadas. É necesaria unha reflexión científica, aplicando modelos teóricos e análises científicas, para proporcionar unha visión que permita encontrar un equilibrio entre o aproveitamento dos recursos e a sustentabilidade, así como comprender de xeito global e sistémico a realidade que nos rodea e valorar o entorno e os problemas relacionados coa actividade humana, para o que é necesario valorar os riscos e propoñer medidas que corrixan ou mitiguen o risco.

O desenvolvemento da materia implica utilizar de forma sintética os coñecementos científicos adquiridos en cursos anteriores e outros que se adquiren de maneira menos formal, xa que moitos dos temas que se estudian son preocupacións da sociedade actual e están presentes nos medios de comunicación social.

A programación didáctica é un instrumento de planificación curricular, terase en conta para a súa elaboración a lexislación vixente así como o PE (Proxecto educativo) do centro. Debe ser un documento de guía indispensable, requirido e regulado pola seguinte lexislación:

LEIS ORGÁNICAS

- *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)*
- *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE)*

CURRÍCULO

- *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Orden ECD/65/2105, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, educación secundaria obrigatoria y el bachillerato.*
- *Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato.*

USO DO GALEGO

- *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*

Sobre a **contextualización**, destacaremos os seguintes aspectos:

Centro. O noso centro consta de aproximadamente con 400 alumnos /as e 4 edificios independentes onde se imparten ensinanzas de: ESO, Bacharelato Científico-Tecnolóxico e Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais, CM, CS e FPB de Administrativo, CM e FPB de instalacións en telecomunicación e ESA. Utilizando a Escola oficial de idiomas algún aula en horario de tarde.

Grupo-clase: Atópase formado por un total de 14 alumnos/as, un grupo bastante homoxéneo, no que atopamos estudantes cun nivel académico medio ou medio-alto aínda que a nivel de motivación e interese pódense diferenciar un grupo de alumnos/as que escolleron esta materia por interese e posible utilidade de cara a estudos universitarios relacionados e outro no que a elección da materia debeuse a unha escolla por descarte fronte a outras optativas de maior dificultade segundo o seu criterio ou que non ofertaron a optativa que querían cursar.

A materia de Ciencias da Terra e do Medio Ambiente está dividida en 7 bloques:

- **Bloque 1.** Medioambiente e fontes de información medioambiental.
- **Bloque 2.** As capas fluídas, dinámica.
- **Bloque 3.** Contaminación atmosférica.
- **Bloque 4.** Contaminación das augas.
- **Bloque 5.** A xeosfera e os riscos xeolóxicos.
- **Bloque 6.** Circulación da materia e enerxía na biosfera.
- **Bloque 7.** A xestión e o desenvolvemento sostible

2. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave

Comunicación lingüística (CCL).

A comunicación, nos ámbitos da comprensión e expresión, tanto oral como escrita, constitúe un eixe fundamental no proceso de ensino e aprendizaxe do coñecemento científico, a expresión oral e escrita busca a coherencia e precisión no uso da linguaxe, tanto no nivel descritivo como no interpretativo e contribúe a ampliación do vocabulario do alumnado.

Trabállase a expresión cando se emiten hipóteses, contrástanse ideas, acláranse significados sobre conceptos ou procesos científicos en contextos diferentes, realízanse sínteses, elabóranse mapas conceptuais, extráense conclusións, realízanse informes ou organízanse debates onde se fomenten actitudes que favorezan a mellora na expresión oral e escrita. Na resolución de problemas estímúlase a lectura comprensiva.

O departamento tamén colabora coa biblioteca nas actividades do proxecto de biblioteca e participa no plan lector.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

O coñecemento científico se cuantifica grazas á linguaxe matemática. O emprego de números, símbolos, operacións e relacións entre eles forman parte da metodoloxía científica e constitúen unha base importante para a comprensión de leis e principios.

Na realización de investigacións sinxelas, traballos prácticos ou resolucións de problemas desenvólvense capacidades para identificar e manexar variables, para organizar e representar datos obtidos de maneira experimental, para a interpretación gráfica das relacións entre eles.

Competencia dixital (CD).

A área de ciencias da natureza contribúe á competencia de tratamento da información e competencia dixital, xa que se traballan habilidades para identificar, contextualizar, relacionar e sintetizar a información procedente diferentes fontes e presentada en diversas linguaxes propias das tecnoloxías da información e comunicación, como os

buscadores pola internet, documentos dixitais, foros, *chats*, xornais dixitais, revistas divulgativas na web, presentacións electrónicas e simulacións interactivas. Cando se traballa a crítica reflexiva sobre as informacións de tipo científico que achegan as tecnoloxías da información e a comunicación, foméntanse actitudes favorables ao emprego delas evitando o seu emprego indiscriminado.

O alumnado conta coa Aula Virtual e aula de informática una vez por semana o que facilita o uso das novas tecnoloxías .

Aprender a aprender (CAA).

Utilizando o método científico para que constrúan o seu propio coñecemento, partindo da observación do entorno, das ideas previas do alumnado sobre os contidos científicos, formulando preguntas, de modo que as alumnas e os alumnos sexan conscientes do seus propios coñecementos e limitacións.

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Esta área trata de dotar ao alumnado das habilidades necesarias para comprender a problemática actual en relación coa súa persoa, co resto da sociedade e co planeta. A aproximación do currículo á situación concreta na cal se vive facilita a participación activa do alumnado en actividades que impliquen esa cidadanía responsable.

Os debates históricos sobre as diferentes concepcións dos fenómenos que afectan as persoas serven para traballar habilidades sociais relacionadas coa participación, cooperación e poñerse en lugar dos outros, aceptar diferenzas, respectar os valores, crenzas e diversidade de cultural. Dar a coñecer o papel da muller na ciencia no presente e pasado.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Utilización do método científico fomentando o interese por observar e coñecer o mundo. Formular e propoñer hipóteses. Fomentar a súa implicación na participación e organización dos grupos de aula e traballo cooperativo.

Realización de traballos de forma autónoma, participación en debates onde defender as opinións propias na aula.

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Desde a área de ciencias contribúese a desenvolver esta competencia cando se promove a presentación das ideas ou traballos en formatos diversos, onde se lles deixa ás alumnas e aos alumnos a liberdade de elixir os ditos formatos estéticos e artísticos, realización de modelos, exposicións, visitas a museos. Promover a posta en valor do entorno que nos rodea da paisaxe, partindo do entorno máis próximo, recoñecer a súa beleza e a importancia da súa conservación

3. Obxectivos xerais

Esta materia contribúe á consecución dos obxectivos xerais de etapa, que aparecen establecidos no Decreto 86/2015, e que se citan a continuación. Ao lado de cada unidade didáctica, no punto 12.3. especificanse os obxectivos que contribúe a acadar cada unha.

- a)** Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b)** Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c)** Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d)** Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4. Elementos transversais

Nesta materia traballaranse os seguintes elementos transversais:

- . Compresión lectora **(CL)**
- . Expresión oral e escrita **(EOE)**
- . Comunicación audiovisual **(CA)**
- . Tecnoloxías da información e da comunicación **(TIC)**

. Emprendemento **(E)**

. Educación cívica y constitucional **(ECC)**

. Igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación para calquera condición ou circunstancia persoal ou social

Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, evitando os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan calquera tipo de discriminación.

De xeito máis concreto, os contidos e a metodoloxía aplicada neste curso e materia contribúen á traballar as seguintes cuestións relacionadas cos elementos transversais antes citados:

- Educación ambiental , fomentar o respecto e coidado do medio ambiente partindo do entorno mais próximo, o propio centro, e valorar a importancia da súa labor en temas como a reciclaxe, prevención de incendios etc.
- A educación en igualdade de xénero acercando e poñendo en valor as apartacións científicas realizadas por distintas investigadoras ao longo da historia, así como os atrancos que tiveron que superar para levar a cabo o seu traballo
- O traballo en grupo e as prácticas están destinadas a aprender a convivir cos demais, cooperar a tomar decisións, aceptarse como son e a aceptar os demais sen discriminación, ademais de valorar as aportacións dos demais.

5. Contidos distribuídos por unidades didácticas e avaliacións

Os contidos repartidos por avaliación poderán modificarse se o ritmo da clase, as características do alumnado ou calquera outra circunstancia o require xa que este é un documento que debe ser flexible e adaptable.

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

UNIDADE 1: Medio ambiente e fontes de información.

B1.1. Concepto de medio ambiente e dinámica de sistemas. Modelos da teoría de Sistemas.

B1.2. O medio natural como sistema. Aplicación da teoría de sistemas ao sistema natural.

B1.3. Humanidade e medio ambiente. Historia das relacións da humanidade coa natureza.

B1.4. Recursos naturais, riscos e impactos ambientais.

B1.5. Fontes de información ambiental.

UNIDADE 2: Circulación de materia e enerxía na biosfera.

B6.1. Circulación de materia e enerxía na biosfera.

B6.2. Relacións tróficas nos ecosistemas, cadeas e redes tróficas. Representacións gráficas.

B6.3. Factores limitantes da produción primaria.

B6.4. Ciclos bioxeoquímicos do osíxeno, o carbono, o nitróxeno, o fósforo e o xofre.

UNIDADE 3: Organización de diversidade da biosfera.

B6.5. Os ecosistemas no tempo: sucesión, autorregulación e regresión.

B6.6. Autorregulación dos ecosistemas e repercusión da acción humana sobre eles.

B6.7. Concepto de biodiversidade.

B6.8. Causas e repercusións da perda da biodiversidade.

UNIDADE 4: Procesos xeolóxicos internos.

B5.1. Xeosfera: soporte dos restantes subsistemas terrestres.

B5.2. Riscos xeolóxicos e a súa relación cos fluxos de enerxía terrestres.

B5.3. Orixe dos riscos xeolóxicos internos.

B5.4. Métodos de predición e prevención dos riscos xeolóxicos.

B5.5. Danos orixinados polos riscos xeolóxicos.

B5.6. O relevo como consecuencia da interacción da dinámica interna e externa do planeta.

B5.8. Importancia da ordenación do territorio na prevención dos riscos xeolóxicos.

B5.9. Impactos máis frecuentes na paisaxe.

UNIDADE 5: Procesos xeolóxicos externos.

B5.4. Métodos de predición e prevención dos riscos xeolóxicos.

B5.5. Danos orixinados polos riscos xeolóxicos.

B5.6. O relevo como consecuencia da interacción da dinámica interna e externa do planeta.

B5.7. Riscos asociados aos sistemas de ladeira e fluviais.

B5.8. Importancia da ordenación do territorio na prevención dos riscos xeolóxicos.

B5.9. Impactos máis frecuentes na paisaxe.

SEGUNDA AVALIACIÓN:

UNIDADE 6: Estrutura da atmosfera.

B2.1. A radiación solar como recurso enerxético.

B2.2. As masas fluídas e a súa relación co funcionamento do clima.

B2.3. Compoñentes da atmosfera, orixe e importancia biolóxica.

UNIDADE 7: Contaminación da atmosfera.

B2.4. Capa de ozono: orixe e importancia.

B2.5. Diminución da capa de ozono: efectos e medidas preventivas.

B2.6. Efecto invernadoiro: relación coa vida na Terra. Causas e consecuencias do aumento do efecto invernadoiro.

B3.1. Orixe e efectos da contaminación atmosférica.

B3.2. Medidas preventivas e correctoras da contaminación atmosférica e do efecto invernadoiro.

B3.3. Factores que inflúen na dispersión dos contaminantes atmosféricos.

B3.4. Efectos da contaminación atmosférica segundo o seu raio de influencia.

B3.5. Ozono troposférico e ozono estratosférico.

UNIDADE 8: Estrutura da hidrosfera.

B2.7. A hidrosfera e o seu papel como regulador climático.

B2.8. Relación das correntes oceánicas coa circulación dos ventos e o clima e con algúns fenómenos climáticos.

B2.9. Formación das precipitacións. Tipos de precipitacións.

B2.10. Interpretación de mapas meteorolóxicos.

B2.11. Os riscos climáticos, causas e consecuencias. Medidas de predición, prevención e corrección.

TERCEIRA AVALIACIÓN

UNIDADE 9: Contaminación da hidrosfera.

B4.1. Ciclo hidrolóxico.

B4.2. Orixe e efectos da contaminación das augas superficiais e subterráneas.

B4.3. Parámetros de medida da calidade da auga.

B4.2. Orixe e efectos da contaminación das augas superficiais e subterráneas.

B4.4. Prevención e corrección da contaminación da auga.

B4.5. Sistemas de tratamento e depuración das augas.

UNIDADE 10: Recursos da biosfera.

B6.9. O solo como interfase.

B6.10. Edafoxénese e tipos de solos.

B6.11. Usos e fragilidade do solo como recurso.

B6.12. Impactos sobre o solo. Técnicas de valoración do grao de alteración dun solo.

B6.13. Impactos sobre a biosfera producidos pola deforestación, a agricultura e a gandaría.

B6.14. O sistema litoral como interfase.

B6.15. Importancia ecolóxica dos recursos do sistema litoral, impactos derivados da súa sobreexplotación.

B6.16. Importancia da conservación das zonas litorais

UNIDADE 11: Recursos da xeosfera

B5.10. Recursos da xeosfera: problemas ambientais ocasionados pola súa explotación.

B5.11. Impactos derivados da explotación dos recursos da xeosfera en Galicia.

B5.12. Uso eficiente da enerxía e dos recursos.

UNIDADE 12: Xestión ambiental.

B7.1. Xestión dos impactos ambientais; alternativas ante a problemática ambiental: desenvolvemento incontrolado, conservacionismo e desenvolvemento sustentable.

B7.2. Avaliación do impacto ambiental.

B7.3. Instrumentos de xestión ambiental.

B7.4. Relación entre desenvolvemento, calidade de vida e problemas ambientais no ámbito internacional.

B7.5. Modelos de xestión de recursos.

B7.2. Avaliación do impacto ambiental.

B7.3. Instrumentos de xestión ambiental.

B7.6. Influencia dos organismos nacionais e internacionais en materia ambiental.

B7.7. Lexislación ambiental.

B7.8. Protección dos espazos naturais.

B7.9. Espazos naturais en España e, en particular, en Galicia.

6. Relación entre obxectivos, secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e grao mínimo de consecución, procedementos e instrumentos de avaliación.

En cada un dos estándares de aprendizaxe, indícase subliñado o grao mínimo de consecución dos mesmos. Esta concrecións, serán tidas en conta na elaboración das probas de recuperación da materia así como nas posibles probas de reforzo para alumnos e alumnas coas que se poidan ter que aplicar ao longo do curso as pertinentes medidas de atención á diversidade.

PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Proba escrita u oral	Rúbrica
Caderno , Debates	Rúbrica, Folla de control
Traballos en power point , prezi etc	Rúbrica

UNIDADE 1: Medio ambiente e fontes de información

Obxectivos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc	Temp
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Realizar modelos de sistemas considerando as variables, analizando a interdependencia dos seus elementos e establecendo as súas relacións causais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB1.1.1. <u>Contrasta a interdependencia dos elementos dun sistema</u> establecendo as súas relacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB1.1.2. <u>Elabora modelos de sistemas nos que representa as relacións causais</u>, interpretando as consecuencias da variación dos distintos factores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Aplicar a dinámica de sistemas aos cambios ambientais acontecidos como consecuencia da aparición da vida e as actividades humanas ao longo da historia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB1.2.1. <u>Analiza</u>, a partir de modelos sinxelos, <u>os cambios ambientais que tiveron lugar como consecuencia da aparición da vida e da acción humana ao longo da historia</u>. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Identificar recursos, riscos e impactos, asociándoos á actividade humana sobre o medio ambiente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB1.3.1. <u>Identifica e clasifica recursos, riscos e impactos ambientais asociados</u>. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar os principais instrumentos de información ambiental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB1.4.1. <u>Coñece e enumera os principais métodos de información ambiental</u>. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB1.4.2. <u>Extrae conclusións sobre cuestións ambientais a partir de distintas fontes de información</u>. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava

UNIDADE 2: Circulación de materia e enerxía na biosfera

Obxectivos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc	Temp
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Recoñecer as relacións tróficas dos ecosistemas, valorando a influencia dos factores limitantes da produción primaria e daqueles que aumentan a súa rendibilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.1.1. <u>Identifica os factores limitantes da produción primaria</u> e aqueles que aumentan a súa rendibilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.1.2. Esquematiza as relacións tróficas dun ecosistema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.1.3. <u>Interpreta gráficos, pirámides, cadeas e redes tróficas.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.1.4. <u>Explica as causas da diferenza de produtividade en mares e continentes.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Comprender a circulación de bioelementos (sobre todo O, C, N, P e S) entre os subsistemas terrestres. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.2.1. <u>Esquematiza os ciclos bioxeoquímicos</u> e argumenta a importancia do seu equilibrio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava

UNIDADE 3: Organización da diversidade na biosfera

Obxectivos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc	Temp
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Comprender os cambios que se suceden nos ecosistemas ao longo do tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.3.1. <u>Identifica os cambios que se producen nas sucesións ecolóxicas</u> e interpreta a variación dos parámetros tróficos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Comprender os mecanismos naturais de autorregulación dos ecosistemas e valorar a repercusión da acción humana sobre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.4.1. <u>Coñece os mecanismos naturais de autorregulación dos ecosistemas.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.4.2. <u>Argumenta e relaciona as actividades humanas coas repercusións na dinámica dos ecosistemas.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ªava
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ h ▪ i ▪ l ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Distinguir a importancia da biodiversidade e recoñecer as actividades que teñen efectos negativos sobre ela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.5.1. <u>Argumenta a importancia da biodiversidade</u> e os riscos que supón a súa diminución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB6.5.2. <u>Relaciona as accións humanas coa súa influencia na biodiversidade do ecosistema.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava

UNIDADE 4: Procesos xeolóxicos internos

Obxectivos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc	Temp
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Relacionar os fluxos de enerxía e os riscos xeolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.1.1. <u>Identifica as manifestacións da enerxía interna da Terra e a súa relación cos riscos xeolóxicos.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Identificar os factores que determinan, favorecen e atenúan os riscos xeolóxicos sísmico e volcánico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.2.1. <u>Explica a orixe e os factores que determinan os riscos sísmico e volcánico.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Identificar os danos que producen os riscos xeolóxicos, e determinar métodos de predición e prevención. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.3.1. <u>Coñece os métodos de predición e prevención dos riscos xeolóxicos.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.3.2. <u>Relaciona os riscos xeolóxicos cos danos que producen.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Comprender o relevo como a interacción da dinámica interna e externa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.4.1. <u>Interpreta o relevo como consecuencia da interacción da dinámica interna e externa do planeta.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ h ▪ i ▪ l ▪ m ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Recoñecer a fragilidade da paisaxe fronte aos impactos ambientais e valorar a ordenación do territorio como prevención de riscos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.6.1. <u>Valora a ordenación do territorio como método de prevención de riscos.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.6.2. <u>Avalúa a fragilidade da paisaxe e os impactos máis frecuentes que sofre.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava

UNIDADE 5: Procesos xeolóxicos externos

Obxectivos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cc	Temp
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ j ▪ l ▪ m ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Identificar os danos que producen os riscos xeolóxicos, e determinar métodos de predición e prevención. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.3.1. <u>Coñece os métodos de predición e prevención dos riscos xeolóxicos.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.3.2. <u>Relaciona os riscos xeolóxicos cos danos que producen.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Comprender o relevo como a interacción da dinámica interna e externa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.4.1. <u>Interpreta o relevo como consecuencia da interacción da dinámica interna e externa do planeta.</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1º ava
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Determinar os riscos asociados aos sistemas de ladeira e fluviais, e valorar os factores que inflúen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CTMAB5.5.1. <u>Identifica os riscos asociados aos sistemas de ladeira e fluviais,</u> e comprende os factores que interveñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 1ª ava
